

ASUNTO PLE/2022/00026432J

ACTA NÚM. 10 - SESIÓN ORDINARIA 31 DE MAIO DE 2022

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **10:00 horas** do día **31 de maio de 2022**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTEN:

Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente

PSdeG-PSOE:

Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Don Gumersindo Guinarte Cabada
Dona María Milagros Castro Sánchez
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Abal Rodríguez
Don José Manuel Pichel Patiño
Don José Javier Fernández Martínez
Dona María Esther Pedrosa Carrete
Don Rubén Pol Mariño

PP:

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela
Dona María Angeles Antón Vilasánchez
Don José Antonio Constenla Ramos
Don Evaristo Ben Otero
Dona María Castelao Torres
Don Pedro José Rey Sanchiz

CA:

Dona Branca Petra Novo Rey
Dona Marta Irene Lois González
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez
Dona María Rozas Pérez
Don Xan Xesús Duro Fernández

BNG:

Dona María Goretti Sanmartín Rei
Dona Navia Rivas de Castro.

José Ramón Alonso Fernández, secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Non asisten o/a concelleiro/a Don Ramón de Jesús Quiroga Limia e Dona Beatriz Cigarrán Vicente.

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes as sesións extraordinaria e ordinaria dos días 23 e 28 de abril de 2022.
2. Aprobación do expediente de crédito extraordinario núm. 2022-CREXT-02 por importe 349.504,04 euros financiado co remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2021.
3. Aprobación do expediente de crédito extraordinario núm. 2022-CREXT-03 por importe 789.468,81 euros financiado co RLTX 2021, levantamento de reparos de competencia plenaria e o REC para aprobar unha parte dos gastos rexistrados na conta 413.
4. Aprobación do expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-04 por importe de 1.776.025,67 € financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do exercicio 2021.
5. Aprobación do expediente de crédito extraordinario núm. 2022-CREXT-05 por importe de 3.998.833,46 euros para pagamento de Sentenza sobre liquidación transporte urbano e outras.
6. Aprobación do expediente de suplemento de crédito 2022-SUPLE-04 por importe de 58.206,72 € financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do exercicio 2021.
7. Aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos. Iluminacións Santiaguesas. Anualidade 2021.
8. Proposición presentada polo grupo municipal de CA sobre a situación do contrato e a das traballadoras do servizo de axuda no fogar.
9. Proposición presentada polo grupo municipal do BNG para mellorar os espazos públicos no barrio do Avío, A Torreira e O Romáño.
10. Proposición presentada polo grupo municipal do BNG para habilitar un programa mediante códigos QR e Navilens para mellorar a sinalética e ofrecer información sobre o nomenclátor das rúas e roteiros destacados.
11. Proposición presentada polo grupo municipal do PP para a elaboración e tramitación dun regulamento de usos de espazos emblemáticos da cidade.
12. Proposición presentada polo grupo municipal de CA sobre a situación do barrio das Fontiñas para a implementación de medidas específicas para a súa mellora.
13. Designación de representantes do grupo municipal do Partido Popular en distintas comisións.
14. Dar conta do informe resume dos resultados das actuacións de control executadas pola intervención xeral municipal. Exercicio 2021.
15. Dar conta do informe de intervención xeral municipal de control financeiro das axudas concedidas ao abeiro da Ordenanza de garantía básica.

16. Dar conta do informe de intervención xeral municipal de control financeiro permanente de proxectos de gasto.

17. Dar conta de resolucións da alcaldía, das concellarías delegadas e actas da Xunta de Goberno Local.

18. Solicitude presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta de comparecencia sobre o Plan de Contratación de 2020 e as previsións do goberno sobre o Plan de Contratación de 2022.

19. Rogos, preguntas e interpelacións.

Interpelacións:

- 1.- Formulada por CA sobre as subvencións ao deporte federado correspondentes aos exercicios 2021 e 2022.
- 2.- Formulada polo PP sobre o proxecto para a construción dun complexo deportivo en Sta. Marta.

Rogos:

- 1.- Formulado por CA para que se leve adiante o rebaixe de beirarrúas no entorno do CEIP Ramón Cabanillas
- 2.- Formulado polo BNG sobre afectación de árbores no río Sarela.
- 3.- Formulado polo BNG para mellorar a seguranza viaria na Almaciga.
- 4.- Formulado polo BNG para a inspección da empresa concesionaria de recollida de residuos.
- 5.- Formulado polo PP para levar a cabo un maior control na concesión e uso das hortas urbanas.
- 6.- Formulado polo PP para que se rehabiliten os aseos do parque de Xixón.
- 7.- Formulado polo PP para a limpeza de pintadas e substitución de bancos no parque de San Caetano e na rúa Otero Pedrayo.
- 8.- Formulado por CA para que se contrate a limpeza dos baños interiores da dársena de Xoán XXIII.
- 9.- Formulado por CA sobre o servizo de recollida de lixo e limpeza viaria e as demandas do Comité de Empresa de Urbaser.

Preguntas resposta oral:

Formulada polo PP sobre apertura do baño accesible integrado na concesión do quiosco da alameda. **Pendientes da sesión plenaria ordinaria de abril.**

Formulada polo PP sobre a parálise das obras de selado e clausura do vertedoiro de Aríns. **Pendientes da sesión plenaria ordinaria de abril.**

Formulada por CA sobre o cese da actividade no vertedoiro de Miramontes (pendente pleno abril). **Pendientes da sesión plenaria ordinaria de abril**

- 1.- Formulada por CA sobre a rehabilitación e cesión dunha casa de titularidade pública para usos socioculturais en Conxo.
- 2.- Formulada por CA sobre a licitación do plan municipal de xuventude.
- 3.- Formulada polo BNG sobre as liñas de autobuses 6, 6A e 12, para corrixir os desaxustes e adecualas á necesidade dos intervalos horarios de paso cada 15 ou 20 minutos.
- 4.- Formulada polo BNG sobre instalacións deportivas, parque xerontoinfantil, campo da festa e espazo de lecer no lugar do Meixonfrío.
- 5.- Formulada polo BNG sobre o persoal do Servizo de Axuda no Fogar.

- 6.- Formulada por CA sobre as prestacións de rescate social de pobreza enerxética da ordenanza de garantía básica.
- 7.- Formulada polo PP sobre as actuacións previstas polo concello para mellorar os accesos aos polígonos da Sionlla e Costa Vella.
- 8.- Formulada polo PP sobre as previsións de apertura dos centros BTT da Susana e Amio.
- 9.- Formulada polo PP sobre os labores de roza e limpeza na beira da liña férrea entre a rúa Clara Campoamor e as Fontiñas.

Preguntas resposta escrita:

- 1.- Formulada polo PP sobre a situación dos contedores de recollida de lixo nas inmediacións da Praza Roxa.
- 2.- Formulada por CA sobre a instalación dunha gasoleira no espazo residencial de Brandía.
- 3.- Formulada por CA sobre as obras de conservación e mantemento nos CEIPS de Santiago.
- 4.- Formulada polo BNG sobre os criterios técnicos para instalar unha plataforma loxística con actividade industrial nunha parcela de equipamentos comunitarios.
- 5.- Formulada polo BNG sobre o transformador de Naturgy situado na praza do Toural.

20. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos políticos municipais:

- 1.- Presentada por CA polo desenvolvemento dunha programación de actividades saudables nos parques durante o verán.
- 2.- Presentada polo BNG para denominar “Hospital Ramón Baltar” o Hospital Provincial de Conxo.
- 3.- Presentada por CA para facer efectiva a liña de axudas á cooperación prevista para o ano 2022 e para reactivar o Consello Municipal de Cooperación.
- 4.-Presentada polo BNG para optar ao título de Santiago de Compostela, Cidade Europea do Deporte.
- 5.- Presentada polo BNG para facer efectiva a liña de axudas prevista para a Coordinadora de ONGD e reactivar o Consello Municipal de Cooperación.
- 6.- Presentada polo BNG para organizar unha media maratón en Santiago de Compostela.
- 7.- Presentada polo PP para a inmediata licitación do proxecto de vía verde entre a Sionlla e Oroso e a redacción do proxecto para a súa conexión coa cidade de Santiago.
- 8.- Presentada polo PP para o acondicionamento e posta en valor das áreas recreativas de Chaián e o Refuxio, na ribeira do Tambre.
- 9.- Presenta po CA polo fomento da vivenda pública e para a ampliación do parque de vivenda social a través da cesión de vivendas da SAREB.

Antes de dar inicio á sesión plenaria, teñen lugar as seguintes intervencións:

Dona María Soledad García del Río, en relación coa proposición presentada polo grupo municipal de CA sobre o servizo de axuda no fogar.

Don Alejandro Quiñoá Casteleiro, en relación ás mocións presentadas por CA e o BNG sobre liña de axudas para a coordinadora de ONGD.

Don Ricardo Méndez Crespo, en relación a rogo formulado polo BNG sobre a inspección da empresa concesionaria de recollida de residuos.

A continuación gárdase un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero.

Seguidamente e antes de entrar nos asuntos incluídos na orde do día, declárase por unanimidade dos asistentes a urxencia da moción conxunta de todos os grupos políticos municipais, e que vai ser tratada no punto correspondente de toma en consideración de mocións:

Moción conxunta de todos os grupos políticos municipais en prol da recuperación e racionalización dos servizos ferroviarios en Galicia.

Cumpriméntase así:

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES AS SESIÓNS EXTRAORDINARIA E ORDINARIA DOS DÍAS 23 E 28 DE ABRIL DE 2022.

O Pleno da Corporación aproba por unanimidade dos/as concelleiros/as asistentes as actas correspondentes á sesión extraordinaria do día 23 de abril e ordinaria do día 28 de abril, ambas do corrente ano.

2. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚM. 2022-CREXT-02 POR IMPORTE 349.504,04 EUROS FINANCIADO CO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS DO CONCELLO DO EXERCICIO 2021.

A proposta da concelleira delegada de economía e facenda de data 24 de maio do corrente ano, ten o seguinte contido:

“1. Vista toda a documentación daquelas OPAS relacionadas con anotacións en conta, polo tanto xa abonadas, recollidas nas contas bancarias municipais relativas a cotas de amortización de préstamos, xuros e outros gastos financeiros que quedaron sen aprobar no exercicio 2021 incluídas neste expediente a tramitar.

2. Vista toda a documentación incluída no expediente electrónico nº 2022/8264V, que se encontra relacionado co expediente que se está a tramitar, en relación con aquelas OPAS relacionadas con facturas xa abonadas a través do procedemento extraordinario de financiamento establecido na disposición adicional 94ª da Lei 22/2021 de 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2022, denominado Mecanismo de Pago a Provedores.

3. Considerando que con base no acordo do Consello de Ministros de data 27.07.2021, co pronunciamento favorable da maioría absoluta do Congreso de Deputados na súa sesión plenaria celebrada o 13.09.2021, de invocar a previsión contemplada no artigo 135.4 da Constitución Española, e en coherencia con dito mandato a do artigo 11.3 da LOEOSF, polo cal con carácter excepcional, quedan suspendidos os obxectivos de estabilidade e débeda pública, así como a aplicación da regra do gasto durante o exercicio 2022 (ao igual que xa acontecera con anterioridade para os exercicios 2020 e 2021).

4. Tendo en consideración a resolución nº 2022/4163 de 11.04.2022 da Concelleira delegada de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local pola que se aproba a liquidación do Orzamento Municipal do exercicio 2021 do Concello de Santiago de Compostela e do organismo autónomo do

Auditorio de Galicia, onde se recoñece a existencia dun Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais (RLTGX 2021 en diante) de importe 23.231.476,17 euros e un saldo de obrigas pendentes de aplicar ao orzamento rexistradas na conta 413 de 8.256.814,84 euros.

5. Verificada a aplicación dunha parte do saldo do RLTGX 2021 coa aprobación do expediente de incorporación de remanentes 2022-INCOR-06 (resolución 2022/4938 de 29.04.2022) que aplicou 2.244.490,83 euros para atender á incorporación de remanentes de crédito correspondentes a saldos de gastos debidamente comprometidos no ano 2021 -en fase AD ou D- que achegan financiamento a facturas ou xustificantes de gasto que non puideron ser aprobados dentro dese exercicio.

6. Visto o informe da Oficina Orzamentaria sobre a procedencia de incoación dun expediente de modificación de crédito, de crédito extraordinario -baixo a codificación 2022-CREXT-02-, por un importe total de 349.504,04 euros, financiado con Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais procedente da liquidación do Orzamento municipal do exercicio 2021.

7. Vista a providencia de incoación do expediente asinada pola Concelleira delegada de Economía e Facenda en data 04.05.2022.

8. Visto o informe favorable da Oficina Orzamentaria con número de referencia 23/2022.

9. Visto o informe da Intervención Xeral Municipal en relación a este expediente de crédito extraordinario.

10. Visto o acordo de Xunta de Goberno de 16.05.2022 onde se tomou acordo de aprobación do expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-02.

11. Visto o ditame emitido pola Comisión de Presidencia, Réxime interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de contas na súa sesión celebrada en data 24.05.2022 en relación a este expediente de crédito extraordinario.

I. NORMATIVA APLICABLE

Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF).

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, artigos 34 a 38 e 60.2.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.

Comunicación de 02.06.2021 da Comisión Europea de mantemento da suspensión do Pacto de Estabilidade e Crecemento quedando suspendida a consolidación fiscal e activación da cláusula de escape para o exercicio 2022.

Acordo do Consello de Ministros de 27 de xullo do 2021 de solicitar ao Congreso dos Deputados a apreciación de que España está a sufrir unha pandemia, o que a leva a

unha situación de emerxencia extraordinaria que se axusta ao disposto no artigo 135.4 da Constitución española e no artigo 11.3 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

Acordo adoptado polo Congreso dos Deputados o 13 de setembro do 2021 polo que se suspenden os obxectivos de cumprimento das regras fiscais de Estabilidade Orzamentaria, Regra do gasto e Endebedamento para o exercicio 2022 e se autoriza as Entidades locais aos empregos do Remanente de Tesourería de forma non finalista.

Bases 12 e 13 das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2022.

II. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Consonante co previsto no artigo 177 do real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, artigos 35,36 e 37 do Real Decreto 500/90 do 20 de abril, cando teña que realizarse algún gasto que non poida demorarse ao exercicio seguinte e non exista non orzamento actual o crédito suficiente para poder executalo, deberá incoarse un expediente de crédito extraordinario. O expediente deberá conter a concreta aplicación orzamentaria a dotar e o medio ou recurso que haberá de financiar o aumento que se propón.

Neste sentido, no expediente que se está a tramitar cómprese os requisitos para a aprobación dun expediente de crédito extraordinario, co número de expediente de referencia 2022-CREXT-02, posto que queda acreditada a especificidade edeterminación do gasto proposto, a xustificación da súa necesidade e a seu carácter inmediato e urxente sen posibilidade de demora para o exercicio seguinte.

Deste xeito, e con motivo do peche e da liquidación do orzamento do exercicio 2021, aprobada mediante resolución núm. 2022/4163 de 11 de abril, da Concelleira delegada de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local, púxose de manifesto a existencia de operacións pendentes de aplicar ao orzamento (conta 413) do exercicio 2021 por un importe total de 8.256.814,84 euros. Dentro destas, unha serie de operacións constan pagadas por responder a cargos en conta derivados da carga financeira de préstamos e gastos financeiros derivados das contas bancarias contratados polo Concello.

Na mesma situación se atopan as facturas pagadas a través do procedemento extraordinario de financiación en virtude da aplicación da disposición adicional 94ª da Lei 22/2021 de 28 de decembro de Orzamentos Xerais do Estado para o 2022, o denominado Mecanismo de Pago a Provedores, que afecta as facturas das cales se deu conta ao Pleno en sesión de 5 de abril de 2022, a través do informe da intervención municipal.

Así mesmo, coa liquidación do orzamento 2021 cuantificouse o importe do Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais, en 23.231.476,17 euros, o cal pode destinarse de acordo cos usos que prevén os artigos 172 a 182 do TRLRFL, para financiar modificacións orzamentarias sempre que se teñan en consideración as prioridades na orde de pago enumeradas artigo 135 da Constitución e no artigo 187 do TRLRFL, que recollen en primeiro lugar os créditos para satisfacer os xuros e o capital da débeda pública das Administracións, os gastos de persoal, e as obrigacións contraídas en exercicios anteriores.

E se ben é certo que o Congreso dos Deputados apreciou en sesión de 13 de

setembro de 2021 que se da unha situación de emerxencia extraordinaria que motiva a suspensión das regras fiscais durante o exercicio 2022, tal coma indica a Secretaría Xeral de Financiación Autonómica e Local do Ministerio de Facenda no seu documento “Preguntas frecuentes sobre las consecuencias de la suspensión de las reglas fiscales en 2020 y 2021 en relación con las comunidades autónomas y las entidades locales”:

4. *“La suspensión de las reglas fiscales no implica otra correlativa de las obligaciones que tienen las administraciones públicas con terceros, y, concretamente, con los proveedores.”*

6. *“El superávit de los entes territoriales se debería destinar a la obligación de atender o cancelar la cuenta 413, al pago a proveedores de modo que se cumpla con el plazo máximo establecido en la normativa de medidas de lucha contra la morosidad, así como a financiar déficits durante la suspensión, con eso se evita el incremento neto de endeudamiento necesario para financiar aquellos. A estos efectos, hay que tener en cuenta que, en todo caso, el cumplimiento de las obligaciones de atender la cuenta 413 y cumplir con el plazo máximo de pago a proveedores no está afectado por la medida de la suspensión.”*

Tendo en conta o anterior, a través da modificación orzamentaria de incorporación de remanentes de crédito número 6 aprobada por resolución núm. 2022/4938, se incorporaron os saldos de compromisos de gasto debidamente adquiridos durante o 2021 por importe de 2.244.490,83€ aos efectos de atender aquelas facturas que non puideron ser aprobadas antes do final de ano e que quedaron pendentes de aplicar ao orzamento (OPA).

O obxecto desta modificación de crédito que se propón é tanto destinar o importe necesario para atender parcialmente ás restantes operacións pendentes de aplicar ao orzamento (conta 413), en concreto, as derivadas da carga e outros gastos financeiros (232.479,47€) e para as facturas do Mecanismo de Pago a Proveedores (117.024,57€), ascendendo o total a 349.504,04€.

Considerando o artigo 135 da Constitución, a Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o establecido na Disposición Adicional 5ª da LOEPYSF, en relación cos prazos de pago, e a normativa contida no Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo relativa á prelación dos gastos, o expediente actual se adecúa á prioridade legal de gasto ao dotar de crédito as aplicacións orzamentarias relativas ás cotas de amortización de préstamos vivos, xuros e outros gastos financeiros, e as facturas e xustificantes de gasto pendentes de aplicar ao orzamento que pertencen ao Mecanismo extraordinario de Pago a Proveedores.

III. DETERMINACIÓN DO IMPORTE PENDENTE DE APLICAR NO CONCELLO EN RELACIÓN AO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS RESULTANTE DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2021.

O importe do remanente líquido de tesourería para gastos xerais resultante da liquidación do orzamento do Concello do exercicio 2021 (en diante RLTX 2021) foi de 23.231.476,17 euros.

Tal como se comentou anteriormente, xa se fixo uso deste recurso financeiro para financiar a incorporación de remanentes de crédito de compromisos de gasto

debidamente adquiridos no 2021 por importe de 2.344.490,83 €, segundo o detalle do seguinte cadro explicativo:

Detalle da aplicación actual do RLTX do exercicio 2021

Importe do RLTX do exercicio 2021	23.231.476,17	
Aplicación realizada do RLTX para GX do 2021	Importe	Expediente modificativo
Incorporación de remanentes (saldos de AD ou D do exercicio 2021)	2.344.490,83	2022-INCOR-06
Suma de aplicacións efectuadas na actualidade	2.344.490,83	

Do establecido no cadro anterior, o importe dispoñible deste recurso financeiro ascende á data actual a 20.886.985,34 €, dos cales 349.504,04 € se propón consumir

IV. DETALLE DA MODIFICACION DE CREDITO FINANCIADA CON RLTX 2021 PARA COBERTURA ORZAMENTARIA DUNHA PARTE DOS GASTOS REXISTRADOS NA CONTA 413 (ACREDORES PENDENTES DE APLICAR AO ORZAMENTO).

neste expediente.

A tramitación do expediente de crédito extraordinario que se propón aprobar consta de dous apartados co seguinte detalle:

1. HABILITACIÓN dun crédito extraordinario por importe de 232.479,47 euros para atender aquelas OPAS relacionadas con anotacións en conta, polo tanto xa abonadas, recollidas nas contas bancarias municipais relativas a cotas de amortización de préstamos, xuros e outros gastos financeiros que quedaron sen aprobar no exercicio 2021 e para os que se precisa a habilitación do crédito correspondente para a súa correcta aplicación. Neste sentido, inclúense neste apartado tres operacións que si ben non se encontran contabilizadas como OPA no momento da aprobación da liquidación do orzamento do exercicio 2021, si se corresponderían de facto con esta casuística polo que se incorporan neste expediente. O seu detalle é o seguinte:

Documento	C.Xestor	Fase	Nº Operación.....	Importe	Terceiro.....	Nome Terceiro
	01	OPA	220210036923	11.894,22	Q2820009E	INSTITUTO PARA LA DIVERSIFICACION YAHORRO DE LA ENERGIA (IDAE)
	01	OPA	220210036927	86.509,60	A48265169	BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA SA
	01	OPA	220210036930	103.375,00	A48265169	BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA SA
	01	OPA	220210036952	8,00	A48265169	BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA SA
	01	OPA	220210036953	30,10	A48265169	BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA SA
	01	OPA	220210036954	104,86	A48265169	BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA SA
	01	OPA	220210036955	272,69	A48265169	BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA SA
	01	OPA	220210036994	2.886,40	A08000143	BANCO SABADELL
	01	OPA	220210036995	26.028,93	A70302039	ABANCA CORPORACION BANCARIA SA
	01			1.283,92	A48265169	BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA SA
	01			76,75	A08663619	CAIXABANK S.A.
	01			9,00	A70302039	ABANCA CORPORACION BANCARIA SA

TOTAIS OPAs e Outras operacións incluídas no expediente 2022-CREXT-02_01 232.479,47

2. HABILITACIÓN dun crédito extraordinario por importe de 117.024,57 euros para

atender aquelas facturas rexistradas na conta 413 xa abonadas a través do procedemento extraordinario de financiamento establecido na disposición adicional 94ª da Lei 22/2021 de 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2022, denominado Mecanismo de Pago a Provedores. Neste sentido, este expediente de modificación de crédito figura relacionado co expediente electrónico 2022/8264V onde a intervención municipal deu conta ao Pleno da Corporación do propio procedemento e dos provedores que finalmente fixeron uso deste mecanismo de financiamento para o aboamento das súas facturas. O seu detalle é o seguinte:

Nº -registro	Data rexistro	Data documento	Documento	C. Xestor	Fase	Nº Operación	Importe	Terceiro	Nome Terceiro
F/2021/2644	07/06/2021	31/05/2021	P21 003019	38	OPA	220210035047	968,00	A15000649	LA VOZ DE GALICIA SA
F/2021/2645	07/06/2021	31/05/2021	P21 003024	38	OPA	220210035048	2.960,00	A15000649	LA VOZ DE GALICIA SA
F/2021/2646	07/06/2021	31/05/2021	P21 003020	38	OPA	220210035049	411,40	A15000649	LA VOZ DE GALICIA SA
F/2021/1034	06/03/2021	05/03/2021	FE21321351794982	12	OPA	220210035865	148,67	A08431090	NATURGY IBERIA SA
F/2021/612	13/02/2021	11/02/2021	FE21321349868227	12	OPA	220210035866	42,81	A08431090	NATURGY IBERIA SA
F/2021/541	09/02/2021	08/02/2021	FE21321349559490	12	OPA	220210035867	175,70	A08431090	NATURGY IBERIA SA
F/2021/1170	20/03/2021	19/03/2021	FE21321352863427	12	OPA	220210035868	38,78	A08431090	NATURGY IBERIA SA
F/2021/2075	12/05/2021	10/05/2021	VFF21000022	05	OPA	220210036114	1.408,00	A83140012	DRAGER SAFETY HISPANIA SA
F/2021/567	11/02/2021	21/10/2020	FS20323074810350	12	OPA	220210036260	1.529,20	A08431090	NATURGY IBERIA SA
F/2021/674	16/02/2021	18/05/2020	FE20321329011249	12	OPA	220210036261	1.046,00	A08431090	NATURGY IBERIA SA
F/2021/675	16/02/2021	13/11/2020	FE20321342974800	12	OPA	220210036262	42,31	A08431090	NATURGY IBERIA SA
F/2021/891	02/03/2021	15/09/2020	FS20323074525169	12	OPA	220210036263	431,51	A08431090	NATURGY IBERIA SA
F/2021/892	02/03/2021	15/09/2020	FS20323074525166	12	OPA	220210036264	61,96	A08431090	NATURGY IBERIA SA
F/2021/155	14/01/2021	14/01/2021	2199200008	11	OPA	220210036299	34.855,68	A66141185	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA SAU
F/2021/898	02/03/2021	02/03/2021	2199200084	11	OPA	220210036300	38.500,18	A66141185	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA SAU
F/2021/1932	04/05/2021	04/05/2021	2199200183	11	OPA	220210036301	28.179,52	A66141185	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA SAU
F/2021/458	04/02/2021	01/02/2021	086165576512 0095 00Z106N0002639	12	OPA	220210036348	247,60	A81948077	ENDESA ENERGIA SA
F/2021/460	04/02/2021	01/02/2021	086165575519 0095 00Z106N0002625	12	OPA	220210036349	1.948,16	A81948077	ENDESA ENERGIA SA
F/2021/910	03/03/2021	04/01/2021	086165914600 0019 00Z106N0000442	12	OPA	220210036350	971,55	A81948077	ENDESA ENERGIA SA
F/2021/911	03/03/2021	01/02/2021	086165914600 0023 00Z106N0002706	12	OPA	220210036351	1.416,55	A81948077	ENDESA ENERGIA SA
F/2021/912	03/03/2021	01/03/2021	086165914600 0038 00Z106N0004742	12	OPA	220210036352	1.491,00	A81948077	ENDESA ENERGIA SA
F/2021/1518	09/04/2021	08/04/2021	FE21321354155977	12	OPA	220210036380	149,99	A08431090	NATURGY IBERIA SA
TOTALS OPAs expediente 2022-CREXT-02_II						117.024,57			

V. FINANCIAMENTO DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA.

O artigo 36 do RD 500/1990, de 20 de abril, establece que os créditos extraordinarios e suplementos de crédito poden financiarse indistintamente con algúns dos seguintes recursos:

- a) Por conta do remanente líquido de tesourería calculado consonte os artigos 101 a 104.
- b) Por conta de novos ou maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do orzamento corrente.
- c) Mediante anulacións ou baixas de crédito doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.

No caso deste expediente de crédito extraordinario, o financiamento dos **dous apartados** que o integran se financian coa aplicación dunha parte do saldo do RLTGX 2021.

De conformidade co establecido nas bases 12 e 13 das Bases de execución do Orzamento Municipal do exercicio 2022, nos artigos 177 e ss. do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e 34 a 38 e 60.2 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, e demais disposicións vixentes na materia.

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno do Concello de Santiago de Compostela a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº 2022-CREXT-02_I para atender unha parte das obrigas pendentes de aplicar ao orzamento do exercicio 2021 relacionadas con anotacións en conta, polo tanto xa abonadas, recollidas nas contas bancarias municipais relativas a cotas de amortización de préstamos, xuros e outros gastos financeiros que quedaron sen aprobar no exercicio 2021, por un importe de DOUSCENTOS TRINTA E DOUS MIL CATROCENTOS SETENTA E NOVE EUROS, CON CORENTA E SETE CÉNTIMOS DE EURO (232.479,47 EUROS) financiado na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2021.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

DENOMINACIÓN	CAP.	APLICACIÓN	PROXECTO	CX	TIPO MC	IMPORTE
OPAS (2021 030 01100 3100000)	3	030 93400 3590199		01	CE	29.330,98
Outras operacións (2021 030 01100 3100000)	3	030 93400 3590199		01	CE	85,75
Outras operacións (2021 030 01100 3100000)	3	030 01100 3100099		01	CE	1.283,92
GASTO TOTAL CAPÍTULO 3						30.700,65
OPAS (2021 030 01100 9130000)	9	030 01100 9130099		01	CE	201.778,82
GASTO TOTAL CAPÍTULO 9						201.778,82
TOTAL XERAL DE OPERACIÓNS PENDENTES DE APLICAR AO ORZAMENTO (413) E OUTRAS OPERACIÓNs						232.479,47
FINANCIAMENTO RLT para GX DO EXERCICIO 2021 - APLICACIÓN 87000						

B) Financiamento:

2.c).- Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais: **273.479,47 €**.

C) Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario.....	232.479,47 €
2.- Financiamento	
c) Remanente de tesourería para gastos xerais	232.479,47 €

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº 2022-CREXT-02_II para atender unha parte das obrigas pendentes de aplicar ao orzamento do exercicio 2021 relacionadas con facturas xa abonadas a través do procedemento extraordinario de financiamento establecido na disposición adicional 94ª da Lei 22/2021 de 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2022, denominado Mecanismo de Pago a Provedores, por un importe de CENTO DEZASETE MIL VINTE E CATRO EUROS, CON CINCUENTA E SETE CÉNTIMOS DE EURO (117.024,57 EUROS) financiado na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2021.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

DENOMINACIÓN	CAP.	APLICACIÓN	PROXECTO	CX	TIPO MC	IMPORTE
OPAS (2021 010 91201 2260200)	2	010 91201 2260299		38	CE	4.339,40
OPAS (2021 020 16210 2270801)	2	020 16210 2270899		11	CE	101.535,38
OPAS (2021 020 16500 2210000)	2	020 16500 2210099		12	CE	2.218,00
OPAS (2021 020 32300 2210000)	2	020 32300 2210099		12	CE	3.879,10
OPAS (2021 020 32302 2210000)	2	020 32302 2210099		12	CE	1.948,16
OPAS (2021 020 32600 2210000)	2	020 32600 2210099		12	CE	247,60
OPAS (2021 020 92000 2210000)	2	020 92000 2210099		12	CE	1.448,93
GASTO TOTAL CAPÍTULO 2						115.616,57
OPAS (2021 060 13600 6330000)	6	060 13600 6330099		05	CE	1.408,00
GASTO TOTAL CAPÍTULO 6						1.408,00
TOTAL OPAs (413) ABONADAS POLO MECANISMO DE PAGO A PROVEDORES						117.024,57
FINANCIAMENTO RLT para GX DO EXERCICIO 2021 - APLICACIÓN 87000						

B) Financiamento:

2.c).- Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais: **117.024,57 €**

C) Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario.....	117.024,57 €
2.- Financiamento	

c) Remanente de tesourería para gastos xerais	117.024,57 €
---	--------------

TERCEIRO: Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario nº 2022-CREXT-02 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se exporá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

CUARTO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario nº 2022-CREXT-02, se contra o mesmo non se formulase algunha reclamación, procedéndose á publicación do resumo por capítulos do orzamento municipal coa modificación aprobada no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.”

No transcurso do debate, propónse pola Presidencia votar conxuntamente os puntos 3, 4, 5, 6 e 7, sendo reflexado o resultado da votación en cada un deles.

Xa que logo, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e 13 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (6 PP, 5 CA e 2 BNG), acorda:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº 2022-CREXT-02_I para atender unha parte das obrigas pendentes de aplicar ao orzamento do exercicio 2021 relacionadas con anotacións en conta, polo tanto xa abonadas, recollidas nas contas bancarias municipais relativas a cotas de amortización de préstamos, xuros e outros gastos financeiros que quedaron sen aprobar no exercicio 2021, por un importe de DOUSCENTOS TRINTA E DOUS MIL CATROCENTOS SETENTA E NOVE EUROS, CON CORENTA E SETE CÉNTIMOS DE EURO (232.479,47 EUROS) financiado na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2021.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

DENOMINACIÓN	CAP.	APLICACIÓN	PROXECTO	CX	TIPOMC	IMPORTE
OPAS (2021 030 01100 3100000)	3	030 93400 3590199		01	CE	29.330,98
Outras operacións (2021 030 01100 3100000)	3	030 93400 3590199		01	CE	85,75
Outras operacións (2021 030 01100 3100000)	3	030 01100 3100099		01	CE	1.283,92
GASTO TOTAL CAPÍTULO 3						30.700,65
OPAS (2021 030 01100 9130000)	9	030 01100 9130099		01	CE	201.778,82
GASTO TOTAL CAPÍTULO 9						201.778,82
TOTAL XERAL DE OPERACIÓNS PENDENTES DE APLICAR AO ORZAMENTO (413) E OUTRASOPERACIÓNs						232.479,47
FINANCIAMENTO RLT para GX DO EXERCICIO 2021 - APLICACIÓN 87000						

B) Financiamento:

2.c).- Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais: **273.479,47 €**

C) Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario.....	232.479,47 €
2.- Financiamento	
c) Remanente de tesourería para gastos xerais	232.479,47 €

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº 2022-CREXT-02_II para atender unha parte das obrigas pendentes de aplicar ao orzamento do exercicio 2021 relacionadas con facturas xa abonadas a través do procedemento extraordinario de financiamento establecido na disposición adicional 94ª da Lei 22/2021 de 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2022, denominado Mecanismo de Pago a Provedores, por un importe de CENTO DEZASETE MIL VINTE E CATRO EUROS, CON CINCUENTA E SETE CÉNTIMOS DE EURO (117.024,57 EUROS) financiado na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2021.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

DENOMINACIÓN	CAP.	APLICACIÓN	PROXECTO	CX	TIPO MC	IMPORTE
OPAS (2021 010 91201 2260200)	2	010 91201 2260299		38	CE	4.339,40
OPAS (2021 020 16210 2270801)	2	020 16210 2270899		11	CE	101.535,38
OPAS (2021 020 16500 2210000)	2	020 16500 2210099		12	CE	2.218,00
OPAS (2021 020 32300 2210000)	2	020 32300 2210099		12	CE	3.879,10
OPAS (2021 020 32302 2210000)	2	020 32302 2210099		12	CE	1.948,16
OPAS (2021 020 32600 2210000)	2	020 32600 2210099		12	CE	247,60
OPAS (2021 020 92000 2210000)	2	020 92000 2210099		12	CE	1.448,93
GASTO TOTAL CAPÍTULO 2						115.616,57
OPAS (2021 060 13600 6330000)	6	060 13600 6330099		05	CE	1.408,00
GASTO TOTAL CAPÍTULO 6						1.408,00
TOTAL OPAs (413) ABONADAS POLO MECANISMO DE PAGO A PROVEDORES						117.024,57
FINANCIAMENTO RLT para GX DO EXERCICIO 2021 - APLICACIÓN 87000						

B) Financiamento:

2.c).- Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais: **117.024,57 €**

C) Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario.....	117.024,57 €

2.- Financiamento	
c) Remanente de tesourería para gastos xerais	117.024,57 €

TERCEIRO: Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario nº 2022-CREXT-02 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se exporá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

CUARTO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario nº 2022-CREXT-02, se contra o mesmo non se formulase ningunha reclamación, procedéndose á publicación do resumo por capítulos do orzamento municipal coa modificación aprobada no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

3. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚM. 2022-CREXT-03 POR IMPORTE 789.468,81 EUROS FINANCIADO CO RLTX 2021, LEVANTAMENTO DE REPAROS DE COMPETENCIA PLENARIA E O REC PARA APROBAR UNHA PARTE DOS GASTOS REXISTRADOS NA CONTA 413.

A proposta da concelleira delegada de economía e facenda de data 24 de maio do corrente ano, ten o seguinte contido:

“ANTECEDENTES

1. Vista toda a documentación que forma parte dos expedientes de recoñecemento extraxudicial de crédito derivados das facturas en situación de OPA a 31.12.2021 incluídas neste expediente a tramitar que suman un total de **789.468,81 €**, xunto cos seus respectivos informes de fiscalización e propostas plenarios para a súa habilitación de crédito, levantamento de reparo de competencia plenaria no seu caso e o seu recoñecemento extraxudicial de crédito remitidas polos distintos centros xestores afectados (toda a documentación orixinal remitida polos diversos centros xestores en relación as facturas incluídas neste expediente están a disposición dos membros da Corporación nas oficinas onde se sitúan os servizos económicos municipais).

2. Considerando que con base no acordo do Consello de Ministros de data 27.07.2021, co pronunciamento favorable da maioría absoluta do Congreso de Deputados na súa sesión plenaria celebrada o 13.09.2021, de invocar a previsión contemplada no artigo 135.4 da Constitución Española, e en coherencia con dito mandato a do artigo 11.3 da LOEASF, polo cal con carácter excepcional, quedan suspendidos os obxectivos de estabilidade e débeda pública, así como a aplicación da regra do gasto durante o exercicio 2022 (ao igual que xa acontecera con anterioridade para os exercicios 2020 e 2021).

3. Tendo en consideración a resolución nº 2022/4163 de 11.04.2022 da Concelleira delegada de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local pola que se aproba a liquidación do Orzamento Municipal do exercicio 2021 do Concello de Santiago de Compostela e do organismo autónomo do Auditorio de Galicia, onde se recoñece a existencia dun Remanente Líquido de

Tesourería para Gastos Xerais (RLTGX 2021 en diante) de importe 23.231.476,17 euros e un saldo de obrigas pendentes de aplicar ao orzamento rexistradas na conta 413 de 8.256.814,84 euros.

4. Verificado que unha parte do saldo de OPAS do ano 2021, por importe de 665.235,38 €) xa foron saldadas con cargo ao recurso procedente do Remanente Líquido de Tesourería Afectado a través de diferentes acordos de incorporación obrigatoria de remanentes.

5.Verificado que unha parte do saldo de OPAS do ano 2021, por importe de 281.259,54 €) xa foron saldadas con cargo aos créditos iniciais do exercicio 2022.

6.Verificada a aplicación dunha parte do saldo do RLTGX 2021 coa aprobación do expediente de incorporación de remanentes 2022-INCOR-06 (resolución 2022/4938 de 29.04.2022) que aplicou 2.344.490,83 euros para atender á incorporación de remanentes de crédito correspondentes a saldos de gastos debidamente comprometidos no ano 2021 -en fase AD ou D- que achegan financiamento a facturas ou xustificantes de gasto que non puideron ser aprobados dentro dese exercicio.

7. Tendo en consideración a proposta de acordo da aprobación plenaria do expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-02 de importe total 349.504,04 euros, que se financia coa aplicación dunha parte do saldo do RLTGX 2021, para atender, por unha banda, o saldo daquelas OPAS relacionadas con anotacións en conta, polo tanto xa abonadas, recollidas nas contas bancarias municipais relativas a cotas de amortización de préstamos, xuros e outros gastos financeiros que quedaron sen aprobar no exercicio 2021 e, pola outra, aquelas OPAS relacionadas con facturas xa abonadas a través do procedemento extraordinario de financiamento establecido na disposición adicional 94ª da Lei 22/2021 de 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2022, denominado Mecanismo de Pago a Proveedores.

8. Vendo a necesidade de que, unha vez aprobado este expediente modificativo de crédito e aos efectos de continuar coa aplicación prioritaria do saldo restante do RLTGX 2021, compre a toma dun acordo de reserva do saldo actual do RLTGX 2021 por importe de 3.937.147,03 € para atender o saldo restante de OPAS (se minoran do importe total de OPAS de 2021 o importe das OPAS xa abonadas con cargo ao crédito procedente do orzamento do exercicio 2022, aquelas que contaron para a súa aprobación co financiamento procedente do Remanente de Tesourería afectado, aquelas cuxo crédito habilitouse mediante o expediente 2022-INCOR-06 e aquelas incluídas no expediente de 2022-CREXT-02) que permita a cancelación da totalidade da conta 413 e o importe daqueles cargos domiciliados nas contas bancarias municipais realizadas no ano 2021 que se corresponden con domiciliacións de gastos de combustible e peaxes.

9. Visto o informe da Oficina Orzamentaria sobre, por unha banda, a procedencia de incoación dun expediente de crédito extraordinario con código de expediente 2022-CREXT-03 de importe total de 789.468,81 €, financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais procedente da liquidación do Orzamento municipal do exercicio 2021, do levantamento dos reparos formulados pola intervención municipal, no seu caso, e a tramitación do acordo plenario de aprobación de recoñecemento extraxudicial de créditos das obrigas derivadas da aprobación das facturas incluídas neste expediente rexistradas na conta 413 a 31.12.2021 por importe total de 789.468,81 € e aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros que figuran na referida relación polos importes correspondentes a cada un deles derivados

das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos polos mesmos, con imputación ás aplicacións orzamentarias cuxa habilitación se propón e, pola outra, sobre a necesidade de tramitar a solicitude da toma de un acordo plenario de reserva dunha parte do saldo do RLTGX 2021 por importe de 3.937.147,03 € para atender o saldo restante de OPAS que permita a cancelación da totalidade da conta 413 e o importe daqueles cargos domiciliados nas contas bancarias municipais realizadas no ano 2021 que se corresponden con domiciliacións de gastos de combustible e peaxes.

10. Vista a providencia de incoación do expediente asinada pola Concelleira delegada de Economía e Facenda en data 13.05.2022.

11. Visto o informe favorable da Oficina Orzamentaria asinado con data de 16.05.2022 e con número de referencia 33/2022.

12. Visto o informe emitido pola Intervención Xeral Municipal en relación a este expediente de crédito extraordinario e de recoñecemento extraxudicial de créditos.

13. Visto o acordo de Xunta de Goberno de 16.05.2022 onde se tomou acordo de aprobación do expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-03 e a tramitación do acordo plenario de recoñecemento extraxudicial de créditos das obrigas derivadas da aprobación das facturas incluídas neste expediente rexistradas na conta 413 a 31.12.2021 por importe total de 789.468,81 euros.

14. Visto o ditame emitido pola Comisión de Presidencia, Réxime interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de contas na súa sesión celebrada en data 24.05.2022 en relación a este expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-03 e a tramitación do acordo plenario de recoñecemento extraxudicial de créditos das obrigas derivadas da aprobación das facturas incluídas neste expediente rexistradas na conta 413 a 31.12.2021 por importe total de 789.468,81 euros.

CONSIDERACIÓNS

I. NORMATIVA APLICABLE

Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF).

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, artigos 34 a 38 e 60.2.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.

Comunicación de 02.06.2021 da Comisión Europea de mantemento da suspensión do Pacto de Estabilidade e Crecemento quedando suspendida a consolidación fiscal e activación da cláusula de escape para o exercicio 2022.

Acordo do Consello de Ministros de 27 de xullo do 2021 de solicitar ao Congreso dos Deputados a apreciación de que España está a sufrir unha pandemia, o que a leva a unha situación de emerxencia extraordinaria que se axusta ao disposto no artigo 135.4

da Constitución española e no artigo 11.3 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

Acordo adoptado polo Congreso dos Deputados o 13 de setembro do 2021 polo que se suspenden os obxectivos de cumprimento das regras fiscais de Estabilidade Orzamentaria, Regra do gasto e Endebedamento para o exercicio 2022 e se autoriza as Entidades locais aos empregos do Remanente de Tesourería de forma non finalista.

Bases 12ª, 13ª e 30ª das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2022.

II. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Con motivo do peche e da liquidación do orzamento do exercicio 2021, aprobada mediante resolución núm. 2022/4163 de 11 de abril, da Concelleira delegada de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local, púxose de manifesto a existencia de operacións pendentes de aplicar ao orzamento (conta 413) do exercicio 2021 por un importe total de 8.256.814,84 euros.

Así mesmo, coa liquidación do orzamento 2021 cuantificouse o importe do Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais, en 23.231.476,17 €, o cal pode destinarse de acordo cos usos que prevén os artigos 172 a 182 do TRLRFL, para financiar modificacións orzamentarias sempre que se teñan en consideración as prioridades na orde de pago enumeradas artigo 135 da Constitución e no artigo 187 do TRLRFL, que recollen en primeiro lugar os créditos para satisfacer os xuros e o capital da débeda pública das Administracións, os gastos de persoal, e as obrigacións contraídas en exercicios anteriores.

E se ben é certo que o Congreso dos Deputados apreciou en sesión de 13 de setembro de 2021 que se da unha situación de emerxencia extraordinaria que motiva a suspensión das regras fiscais durante o exercicio 2022, tal coma indica a Secretaría Xeral de Financiación Autonómica e Local do Ministerio de Facenda no seu documento “Preguntas frecuentes sobre las consecuencias de la suspensión de las reglas fiscales en 2020 y 2021 en relación con las comunidades autónomas y las entidades locales”:

Auto do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de 7 de marzo de 2019, no procedemento de EJD de execución definitiva 56/2018, Procedemento Ordinario 614/2016, sobre liquidación	37	030	92000	3520099	40.326,33
Auto do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de 14 defebreiro de 2019, no procedemento de EJD de execución definitiva 55/2018, Procedemento Ordinario 613/2016, sobre	37	030	92000	3520099	37.789,72
Dilixencia de ordeación do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de 25 de marzo de 2022, no procedemento de execución definitiva 2/2022, Procedemento Ordinario	37	030	92000	3520099	45.526,52
Xuros da sentenza 385/ 2021 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de 21 de decembro de 2021, no procedemento Ordinario 67/2019, sobre abono de facturas á	37	030	92000	3520099	64.466,13
Pagamento de obrigas derivadas pola non actualización das tarifas correspondentes ao exercicio 2018 da Sociedade Mixta Xestión de Actividades Deportivas e Espectáculos SL (XADE)	37	030	92000	3520099	20.365,63
Xuros da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 no PO 159/ 2017 por revisión de prezo do contrato con Viaqua gestión integral de augas SAU por revisión de prezo entre os anos	37	030	92000	3520099	560.531,97
Consignación adicional de xuros (10%)	37	030	92000	3520099	76.900,63
					845.906,93

D) Financiamento: Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do exercicio 2021:845.906.93 €

Resumo do expediente de modificación de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario.....	845.906,93 €
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos.....	
b) Baixas por anulación.....	
c) Remanente de tesourería para gastos xerais	845.906,93 €

SEXTO: Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-05 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se expoñerá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

SÉTIMO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario 2022-CREXT-05 se contra él non se formulase ningunha reclamación, e publicárase o resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.”

Xa que logo, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e 13 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (6 PP, 5 CA e 2 BNG), acorda:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario baixo o número de expediente 2022-CREXT-05_I por importe de TRINTA E CATRO MIL NOVECIENTOS DEZAOITO EUROS E CINCUENTA E NOVE CÉNTIMOS (34.918,59 EUROS) para atender ao pagamento do principal de sentenza sobre liquidación do transporte urbano correspondente ó ano 2013, financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do exercicio 2021.

En resumo:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO					FINANCIAMENTO: RLTX 2021				
DESCRIPCIÓN		APLICACIÓN DE GASTO		IMPORTE	TIPO MC	DESCRIPCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE INGRESO	IMPORTE	
Diligencia de ordeación do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de 25 de marzo de 2022, no procedemento de execución definitiva 2/ 2022, Procedemento Ordinario 605/ 2016, sobre liquidación do transporte urbano correspondente ó ano 2013 onde se concede un prazo para alegacións. Determináse un principal de 34.918,59€ por "viaxeiros comprometidos"		060	44110	2269999	34.918,59	CE	Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do exercicio 2021	87000	34.918,59
					34.918,59				34.918,59

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO						
DESCRIPCIÓN	CX	APLICACIÓN DE GASTO			IMPORTE	
Diligencia de ordeación do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de 25 de marzo de 2022, no procedemento de execución definitiva 2/2022, Procedemento Ordinario	03	060	44110	2269999	34.918,59	
					34.918,59	

B) Financiamiento: Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do exercicio 2021: 34.918,59€.

Resumo do expediente de modificación de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
-----------	---------

1.- Total crédito extraordinario.....	34.918,59 €
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos.....	
b) Baixas por anulación.....	
c) Remanente de tesourería para gastos xerais	34.918,59 €

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario baixo o número de expediente 2022-CREXT-05_Il por importe de CATROCENTOS SETENTA E OITO MIL TRESCENTOS SETENTA E DOUS EUROS E CORENTA E DOUS CÉNTIMOS (478.372,42 EUROS) para atender aos pagamentos de sentenza 385/2021 á empresa Arasti Barca MA SL sobre abono de facturas financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do exercicio 2021.

En resumo:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO					FINANCIAMENTO: RLTX 2021			
DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN DE GASTO			IMPORTE	TIPO MC	DESCRIPCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE INGRESO	IMPORTE
Sentenza 385/ 2021 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de 21 de decembro de 2021, no procedemento Ordinario 67/ 2019, sobre abono de facturas á empresa Arasti Barca M.A. SL onde se determina que o pagamento dun principal de 477.672,42€, os xuros legais e as costas cun máximo de 700€	040	33403	2269999	478.372,42	CE	Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do exercicio 2021	87000	478.372,42
				478.372,42		478.372,42		

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO					
DESCRIPCIÓN	CX	APLICACIÓN DE GASTO			IMPORTE
Sentenza 385/ 2021 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de 21 de decembro de 2021, no procedemento Ordinario 67/2019, sobre abono de facturas á empresa Arasti Barca M.A. SL	26	040	33403	2269999	478.372,42
					478.372,42

B) Financiamento: Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do exercicio 2021:478.372,42 €.

Resumo do expediente de modificación de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario.....	478.372,42 €
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos.....	
b) Baixas por anulación.....	
c) Remanente de tesourería para gastos xerais	478.372,42 €

TERCEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario baixo o

número de expediente 2022-CREXT-05_III por importe de DOUSCENTOS SESENTA E SEIS MIL SETECENTOS CORENTA EUROS E TRINTA E SEIS CÉNTIMOS (266.740,36 EUROS) para atender ao pagamento de obrigas derivadas da non actualización das tarifas correspondentes ao exercicio 2018 da Sociedade Mixta de Xestión de Actividades Deportivas e Espectáculos (XADE) financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do exercicio 2021.

En resumo:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO						FINANCIAMENTO: RLTGX 2021		
DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN DE GASTO			IMPORTE	TIPO MC	DESCRIPCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE INGRESO	IMPORTE
Pagamento de obrigas derivadas pola non actualización das tarifas correspondentes ao exercicio 2018 da Sociedade Mixta Xestión de Actividades Deportivas e Espectáculos SL (XADE)	090	34200	2269999	266.740,36	CE	Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do exercicio 2021	87000	266.740,36
				266.740,36		266.740,36		

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO					
DESCRIPCIÓN	CX	APLICACIÓN DE GASTO		IMPORTE	
Pagamento de obrigas derivadas pola non actualización das tarifas correspondentes ao exercicio 2018 da Sociedade Mixta Xestión de Actividades Deportivas e Espectáculos SL (XADE)	30	090	34200	2269999	266.740,36
					266.740,36

B) Financiamiento: Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do exercicio 2021: 266.740,36 €.

Resumo do expediente de modificación de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario.....	266.740,36€
2.- Financiamiento	
a) Novos ingresos.....	
b) Baixas por anulación.....	
c) Remanente de tesourería para gastos xerais	266.740,36€

CUARTO: Aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario baixo o número de expediente 2022-CREXT-05_IV por importe de DOUS MILLÓNS TRESCIENTOS SETENTA E DOUS MIL OITOCENTOS NOVENTA E CINCO EUROS E DEZASEIS CÉNTIMOS (2.372.895,16 EUROS) para atender ao pagamento da sentenza 335/2021 por revisión de prezo do contrato con Viaqua gestión integral de augas SAU entre os anos 2012 e 2018, financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do exercicio 2021.

En resumo:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO	FINANCIAMENTO: RLTGX 2021
------------------------	---------------------------

DESCRICIÓN	APLICACIÓN DE GASTO			IMPORTE	TIPO MC	DESCRICIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE INGRESO	IMPORTE
Sentenza 335/ 2021 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 no PO 159/ 2017 por revisión de prezo do contrato con Viaqua gestión integral de augas SAU por revisión de prezo entre os anos 2012 e 2018. Estímase un principal por importe de 2.372.895,16€, incluíndo custas xudiciais	020	16100	2269999	2.372.895,16	CE	Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do exercicio 2021	87000	2.372.895,16
				2.372.895,16				2.372.895,16

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO					
DESCRICIÓN	CX	APLICACIÓN DE GASTO			IMPORTE
Sentenza 335/ 2021 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 no PO 159/2017 por revisión de prezo do contrato con Viaqua gestión integral de augas SAU por revisión de prezo entre	10	020	16100	2269999	2.372.895,16
					2.372.895,16

B) Financiamento: Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do exercicio 2021:2.372.895,16 €.

Resumo do expediente de modificación de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario.....	2.372.895,16 €
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos.....	
b) Baixas por anulación.....	
c) Remanente de tesourería para gastos xerais	2.372.895,16 €

QUINTO: Aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario baixo o número de expediente 2022-CREXT-05_V por importe de OITOCENTOS CORENTA E CINCO MIL NOVECIENTOS SEIS CINCO EUROS E NOVENTA E TRES CÉNTIMOS (845.906,93 EUROS) para atender ao pagamento das sentenzas e obrigas ás que se refiren os apartados anteriores, financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do exercicio 2021.

En resumo:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO						FINANCIAMENTO: RLTX 2021		
DESCRICIÓN	APLICACIÓN DE GASTO			IMPORTE	TIPO MC	DESCRICIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE INGRESO	IMPORTE
Auto do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de 7 de marzo de 2019, no procedemento de EJD de execución definitiva 56/ 2018, Procedemento Ordinario 614/ 2016, sobre liquidación do transporte urbano correspondente ó ano 2013 onde se determina que o abono dos xuros do principal (151.427,23 €) debe facerse na forma establecida no fundamento quinto da dita resolución	030	92000	3520099	40.326,33		Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do exercicio 2021	87000	40.326,33

Auto do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de 14 de febreiro de 2019, no procedemento de EJD de execución definitiva 55/ 2018, Procedemento Ordinario 613/ 2016, sobre liquidación do transporte urbano correspondente ó ano 2014 onde se determina que o abono dos xuros do principal (173.118,96 €) que debe facerse na forma establecida no fundamento quinto da dita resolución .	030	92000	3520099	37.789,72	CE	Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do exercicio 2021	87000	37.789,72
Dilixencia de ordeación do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de 25 de marzo de 2022, no procedemento de execución definitiva 2/ 2022, Procedemento Ordinario 605/ 2016, sobre liquidación do transporte urbano correspondente ó ano 2013 onde se concede un prazo para alegacións. Determináse xuros por "viaxeiros comprometidos" por 15,059,10€, así como 30.467,42€ de xuros (sobre un principal de 136,732,08€).	030	92000	3520099	45.526,52		Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do exercicio 2021	87000	45.526,52
Xuros da sentenza 385/ 2021 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de 21 de decembro de 2021, no procedemento Ordinario 67/ 2019, sobre abono de facturas á empresa Arasti Barca M.A. SL onde se determina que o pagamento dun principal de 477.672,42€.	030	92000	3520099	64.466,13		Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do exercicio 2021	87000	64.466,13
Pagamento de obrigas derivadas pola non actualización das tarifas correspondentes ao exercicio 2018 da Sociedade Mixta Xestión de Actividades Deportivas e Espectáculos SL (XADE)	030	92000	3520099	20.365,63		Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do exercicio 2021	87000	20.365,63
Xuros da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 no PO 159/ 2017 por revisión de prezo do contrato con Viaqua gestión integral de augas SAU por revisión de prezo entre os anos 2012 e 2018.	030	92000	3520099	560.531,97		Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do exercicio 2021	87000	560.531,97
Consignación adicional de xuros (10%)	030	92000	3520099	76.900,63		Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do exercicio 2021	87000	76.900,63
				845.906,93				845.906,93

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario.....	845.906,93 €
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos.....	
b) Baixas por anulación.....	
c) Remanente de tesourería para gastos xerais	845.906,93 €

SEXTO: Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-05 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se expoñerá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

SÉTIMO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario 2022-CREXT-05 se contra o mesmo non se formulase ningunha reclamación, e publicárase o resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

6. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2022-SUPLE-04 POR IMPORTE DE 58.206,72 € FINANCIADO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS DO EXERCICIO 2021.

A proposta da concelleira delegada de economía e facenda, de data 24 de maio do corrente ano, ten o seguinte contido:

“ANTECEDENTES

1 Vista a solicitude presentada en expediente electrónico (número de encargo 39939) polo concelleiro delegado de Centros Socioculturais, Barrios e Obras, en base ao manifestado polo responsable de Relacións veciñais e Mocidade, responsable administrativo do centro xestor 26, de solicitude de tramitación dun expediente de suplemento de crédito.

2. Visto o informe da Oficina Orzamentaria sobre a procedencia de incoación dun expediente de modificación de crédito, de crédito extraordinario -baixo a codificación 2022-SUPLE-04, por un importe total de 58.206,72€, financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do exercicio 2021.

3. Vista a providencia de incoación do expediente asinada pola Concelleira delegada de Economía e Facenda en data 29.04.2022.

4. Visto o informe favorable da Oficina Orzamentaria con número de referencia 25/2022.

5. Visto o informe da Intervención Xeral Municipal en relación a este expediente de suplemento de crédito.

6. Visto o acordo da Xunta de Goberno extraordinaria e urxente de 16.05.2022 onde se tomou acordo de aprobación do expediente de suplemento de crédito 2022-SUPLE-04.

7. Visto o ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas de 24.05.2022 sobre acordo de aprobación do expediente de suplemento de crédito 2022-SUPLE-04.

1. Normativa de aplicación:

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, artigos 36 e 37.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.

Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF).

Acordo do Consello de Ministros de data 27.07.2021, co voto favorable da maioría absoluta do Congreso de Deputados na súa sesión plenaria número 114 celebrada o 13.09.2021, de invocar a previsión contemplada no artigo 135.4 da Constitución Española e, en coherencia con dito mandato a do artigo 11.3 da LOEOSF polo cal con carácter excepcional, quedan suspendidos os obxectivos de estabilidade e débeda pública, así como aplicación da regra do gasto durante o exercicio 2022.

Bases 12, 13 e 16 das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2022.

2. Con motivo do peche e da liquidación do orzamento do exercicio 2021, aprobada mediante resolución núm. 2022/4163 de 11 de abril, da Concelleira delegada de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local púxose de manifesto, por un lado, a existencia de saldos de remanentes de crédito comprometidos por importe 255.338,10€ e saldos de remanentes non comprometidos por importe de 20.104,85€, todos eles correspondentes ao proxecto de gasto 2020 2 OBCSC 18. Estes remanentes de crédito foron obxecto de incorporación ao orzamento de 2022 a través da núm. 3 aprobada por resolución 2022/1993 de 17 de febreiro.

Como as obras e os servizos continuaron a executarse durante o ano 2022, xurdiron novas necesidades de crédito así como excesos de medición e novos honorarios vinculados a estas, que ascenden a un total de 58.206,72€.

Por outro lado, coa liquidación do orzamento 2021 cuantificouse o importe do Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais, en 23.231.476,17 euros, o cal pode destinarse aos usos que prevén os artigos 172 a 182 do TRFLRFL, para financiar modificacións orzamentarias. Estas deben ter en consideración a existencia de operacións rexistradas na conta 413 a 31.12.2021 por un importe de 8.256.814,84€, as cales deben ser atendidas mediante a súa imputación ao orzamento de 2022 considerando as prioridades enumeradas no artigo 135 da Constitución, no artigo 187 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de abril e na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, en relación co cumprimento dos obxectivos de estabilidade, regra de gasto, e limitación ao

endebedamento financeiro e comercial e tendo en conta que a suspensión das regras fiscais durante o ano 2022 non afecta ao cumprimento dos prazos de pago aos provedores.

Neste sentido, tense verificado que unha parte do saldo de OPAS do ano 2021, por importe de 665.235,38 € xa foron aprobadas con cargo ao recurso procedente do Remanente de Tesourería Afectado a través de diferentes acordos de incorporación obrigatoria de remanentes.

Por outra banda, tense verificado que unha parte do saldo de OPAS do ano 2021, por importe de 281.259,54 € xa foron aprobadas con cargo aos créditos iniciais do exercicio 2022.

Ao mesmo tempo, a través da modificación orzamentaria de incorporación de remanentes de crédito número 6, financiada co RLTGX 2021, aprobada por resolución núm. 2022/4938, se incorporaron os saldos de compromisos de gasto debidamente adquiridos durante o 2021 por importe de 2.344.490,83 € aos efectos de atender aquelas facturas que non puideron ser aprobadas antes do final de ano e que quedaron pendentes de aplicar ao orzamento (OPA).

Coa mesma finalidade, encóntrase en fase de tramitación o expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-02 e 2022-CREXT-03 por importe total de 1.138.972,85 euros, financiado co RLTGX 2021, coa finalidade de atender ás operacións pendentes de aplicar ao orzamento (conta 413), en concreto, as derivadas da carga e outros gastos financeiros (232.479,47€) e para as facturas xa abonadas e non aprobadas incluídas no Mecanismo de Pago a Provedores (117.024,57€) e para aprobación de recoñecementos extraxudiciais de crédito (789.468,81€).

Tendo en conta que, pola complexidade e volume de expedientes, non é posible incluír a totalidade das operacións pendentes de aplicar, o expediente 2022-CREXT-03 propón que o Pleno aprobe unha reserva do destino do Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais do exercicio 2021 necesario para cancelar o restante saldo da conta 413 provinte de facturas do 2021, que ascende a 3.937.147,03€. Desta maneira garántese que o emprego deste recurso financeiro cumpre coa prelación legal dos gastos, destinándoo en primeiro lugar ás facturas e xustificantes de gastos que pola excepcional situación acaecida a finais do ano 2021 derivada da implantación da administración electrónica nos procedementos administrativos do Concello quedaron sen aprobar nun número e importe fóra do habitual.

Feitas as consideracións anteriores, a modificación de suplemento de crédito número 2022-SUPLE-04, que se propón aprobar, en opinión das informantes, adecúase ó marco legal exposto anteriormente xa que o seu obxecto é atender a novas necesidades de crédito xurdidas durante a execución das obras de reforma e rehabilitación do centro sociocultural Salvador Parga por un total de 58.206,72€ no marco do proxecto con código 2020 2 OBCSC 18 1.

3. O importe do remanente líquido de tesourería para gastos xerais resultante da liquidación do orzamento do Concello do exercicio 2021 (en diante RLTGX 2021) foi de 23.231.476,17 euros, o cal foi destinado aos expedientes de modificación de crédito que se indican de seguido:

Detalle da aplicación actual do RLTGX do exercicio 2021

Importe do RLTGX do exercicio 2021	23.231.476,17
Importe de saldo OPAS liquidación orzamento 2021	8.256.814,84

Aplicación realizada para saldo OPAS 2021	Financiamento	Importe	Expediente aprobado
Incorporación de remanentes (salvos de AD ou D do exercicio 2021) para OPAS e outros gastos	RLTGX 2021	2.344.490,83	2022-INCOR-06
Incorporación de remanentes (salvos de AD ou D do exercicio 2021) para OPAS e outros gastos	RLT afectado	665.235,38	
Pagamento saldo OPAS con cargo aos créditos iniciais do orzamento 2022	Recurso ordinario	281.259,54	
Aplicación do RLTGX para OPAS derivadas da carga e outros gastos financeiros	RLTGX 2021	232.479,47	2022-CREXT-02
Aplicación do RLTGX para OPAS derivadas de facturas abonadas incluídas no MPP	RLTGX 2021	117.024,57	2022-CREXT-02
Aplicación do RLTGX para OPAS	RLTGX 2021	789.468,81	2022-CREXT-03
Saldo de OPAS con crédito habilitado		4.429.958,60	
Reserva prioritaria do RLTGX 2021 para saldar OPAS sen crédito	RLTGX 2021	3.826.856,24	
Reserva prioritaria do RLTGX 2021 para pagamentos domiciliados en conta	RLTGX 2021	110.290,79	
Suma de importes da reserva prioritaria de aplicación do RLT para GX do 2021		3.937.147,03	
Saldo pendente de aplicar do RLTGX 2021 para outras finalidades		15.810.865,46	

Outras aplicacións previstas do RLTGX 2021	Financiamento	Importe	Expediente aprobado
Incorporación de remanentes (salvos de AD ou D do exercicio 2021) para subvencións	RLTGX 2021	1.315.769,99	2022-INCOR-07
Incorporación de remanentes para vehículos eléctricos (2021-CREXT-10)	RLTGX 2021	370.493,48	2022-INCOR-07
Crédito extraordinario para habilitación de crédito para proxecto RLTOU e RLTOR	RLTGX 2021	1.776.025,67	2022-CREXT-04
Suplemento de crédito para proxecto de gasto 2020/2/OBCSC/18	RLTGX 2021	58.206,72	2022-SUPLE-04
Crédito extraordinario para habilitación de crédito para pagamento de sentenzas e obrigas	RLTGX 2021	3.998.833,46	2022-CREXT-05
Suma de aplicacións previstas en expedientes en tramitación plenaria		7.519.329,32	
Saldo pendente de aplicar do RLTGX 2021		8.291.536,14	

Por tanto, o saldo dispoñible actualmente deste recurso financeiro é de 15.810.865,46 euros, dos cales 58.206,72 euros financian este expediente.

4. Consonte co previsto no artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, artigos 35, 36 e 37 do Real Decreto 500/90 do 20 de abril, cando teña que realizarse algún gasto que non poida demorarse ao exercicio seguinte e non exista no orzamento actual o crédito suficiente para poder executalo, deberá incoarse un expediente de crédito extraordinario. O expediente deberá conter a concreta aplicación orzamentaria a dotar e o medio ou recurso que haberá que financiar o aumento que se propón.

Neste sentido, cumprense os requisitos para a aprobación dun expediente de suplemento de crédito, co número de expediente de referencia 2022-SUPLE-04, posto que queda acreditada a especificidade e determinación do gasto proposto, a xustificación da súa necesidade e a seu carácter inmediato e urxente sen posibilidade de demora para o exercicio seguinte.

Tal e coma se indicou anteriormente, esta modificación ten por obxecto atender a necesidades de crédito xurdidas durante a execución das obras de reforma e rehabilitación do centro sociocultural Salvador Parga. En concreto, derivan de aumentos nas unidades de obra (26.311,62€), novas unidades (30.000,00€) e honorarios técnicos (1.895,10€).

O resumo da proposta de modificación orzamentaria aquí exposta tería o seguinte detalle:

Descrición	CX	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Crédito inicial	Modificación de crédito	Crédito definitivo
Obras de reforma en CSC	26	040	33403	6320000	2020 2 OBCSC 18	275.442,95	58.206,72	333.649,67
TOTAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2022-SUPLE-04							58.206,72	

O financiamento deste expediente de modificación de crédito procede do Remanente líquido de tesourería para gastos xerais do exercicio 2021 (RLTGX 2021 de aquí en

diantes) dos cales 58.206,72€ se destinan a este expediente.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno do Concello de Santiago de Compostela:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito baixo o número de expediente 2022-SUPLE-04 por importe de CINCUENTA E OITO MIL DOUSCENTOS SEIS EUROS E OITENTA E SETENTA E DOUS CÉNTIMOS (58.206,72 EUROS) para atender a compromisos adquiridos e completar actuacións previstas en obras de reforma de centros socioculturais.

En resumo:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO (2022-SUPLE-04)							FINANCIAMENTO: RLTGX 2021		
Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Importe MC	TIPO MC	Descrición detallada	Aplicación de ingreso	Importe
Obras de reforma en CSC	040	33403	6320000	2020 2 OBCSC 18	58.206,72	SC	Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do exercicio 2021	87000	58.206,72
					58.206,72				58.206,72

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO						
Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Importe	
Obras de reforma en CSC	040	33403	6320000	2020 2 OBCSC 18	58.206,72	
					58.206,72	

B) Financiamento: Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais: 58.206,72€.

En consecuencia, o proxecto afectado experimentará as seguintes variacións de crédito:

Descrición	CX	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Crédito inicial	Modificación de crédito	Crédito definitivo
Obras de reforma en CSC	26	040	33403	6320000	2020 2 OBCSC 18	275.442,95	58.206,72	333.649,67
TOTAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2022-SUPLE-04						58.206,72		

Resumo do expediente de modificación de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
-----------	---------

1.- Total suplemento de crédito.....	58.206,72€
2.- Financiamento	
c) Remanente de tesourería para gastos xerais	58.206,72€

SEGUNDO: Na tramitación deste expediente de suplemento de crédito 2022-SUPLE-04 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se expoñerá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

TERCEIRO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de suplemento de crédito 2022-SUPLE-04 se contra él non se formulase ningunha reclamación, e publicárase o resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.”

Xa que logo, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e 13 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (6 PP, 5 CA e 2 BNG), acorda:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito baixo o número de expediente 2022-SUPLE-04 por importe de CINCUENTA E OITO MIL DOUSCENTOS SEIS EUROS E OITENTA E SETENTA E DOUS CÉNTIMOS (58.206,72 EUROS) para atender a compromisos adquiridos e completar actuacións previstas en obras de reforma de centros socioculturais.

En resumo:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO (2022-SUPLE-04)							FINANCIAMENTO: RLTGX 2021		
Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Importe MC	TIPO MC	Descrición detallada	Aplicación de ingreso	Importe
Obras de reforma en CSC	040	33403	6320000	2020 2 OBCSC 18	58.206,72	SC	Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do exercicio 2021	87000	58.206,72
					58.206,72				58.206,72

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO						
Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Importe	
Obras de reforma en CSC	040	33403	6320000	2020 2 OBCSC 18	58.206,72	

58.206,72

B) Financiamento: Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais: 58.206,72€.

En consecuencia, o proxecto afectado experimentará as seguintes variacións de crédito:

Descrición	CX	Aplicación orzamentaria				Proxecto	Crédito inicial	Modificación de crédito	Crédito definitivo
Obras de reforma en CSC	26	040	33403	6320000		2020 2 OBCSC 18	275.442,95	58.206,72	333.649,67
TOTAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2022-SUPLE-04								58.206,72	

Resumo do expediente de modificación de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total suplemento de crédito.....	58.206,72€
2.- Financiamento	
c) Remanente de tesourería para gastos xerais	58.206,72€

SEGUNDO: Na tramitación deste expediente de suplemento de crédito 2022-SUPLE-04 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se expoñerá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

TERCEIRO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de suplemento de crédito 2022-SUPLE-04 se contra o mesmo non se formulase ningunha reclamación, e publicárase o resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

7. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. ILUMINACIONES SANTIAGUESAS. ANUALIDADE 2021.

A proposta do concelleiro delegado de festas de data 24 de maio do corrente ano, ten o seguinte contido:

“1. Con data do 16 de novembro de 2021 asínase o contrato administrativo de Subministración, instalación, posta en funcionamento, mantemento e posterior retirada, en réxime de aluguer, dos elementos decorativos de alumeado do Nadal 2021 e 2022, no que resultou adxudicataria a empresa ILUMINACIONES SANTIAGUESAS, SL.

Na segunda cláusula do contrato establecíase que:

“SEGUNDO: O prezo do contrato será de 409.500 € (EUROS CATROCIENTOSNOVE MIL CINCOCENTOS), IVE excluído. O IVE (21 % da cantidade anterior) ascende a

85.995 € o que fai un importe total de 495.495 €.

O pagamento realizarase contra catro facturas, expedidas de acordo coa normativa vixente, debidamente conformadas pola unidade que reciba o traballo ou, no seu caso, polo designado como responsable do contrato:

1.A primeira delas por un importe de 207.094,51 euros, a presentar antes do fin do ano 2021.

2.A segunda polo importe restante (40.652,99 €) do prezo de adxudicación anual, de ser o caso, a presentar á finalización dos traballos correspondentes ao Nadal 2021.

3.A terceira, xa correspondente ao Nadal 2022, por un importe de 208.284,71 euros, a presentar antes do fin do ano 2022.

4.A cuarta e última, polo importe restante (39.462,79 €) do prezo de adxudicación, de ser o caso, a presentar á finalización dos traballos correspondentes ao Nadal 2022.”

2. Con data do 16 de decembro de 2021 ILUMINACIONES SANTIAGUESAS SL presenta a factura F/2021/6726 coa descrición “CON/48/2021 Subministración, instalación, posta en funcionamento, mantemento e posterior retirada, en réxime de aluguer, dos elementos decorativos de alumeado do Nadal 2021 e 2022. Anualidade 2021” e por importe de 207.094,51 €.

O centro xestor 29 conforma a factura con data do 16 de decembro de 2021 de acordo coas cantidades establecidas na cláusula segunda do contrato asinado o 16 de novembro de 2021.

3. Ao non resultar coincidente o importe conformado co comprometido para a anualidade 2021, a unidade xestora, a instancia do departamento de contabilidade, devolve ao adxudicatario a factura para a súa rectificación. Como consecuencia dilo, *Iluminaciones Santiaguesas S.L.* emite nova factura polo importe comprometido para a anualidade 2021:

Número de Factura	Data de expedición	Data de rexistro contable
A21.71	31/12/2021	20/01/2022

4. Ante a urxencia de aboar a factura, o centro xestor tramita acta de conformidade con cargo aos créditos iniciais do orzamento do ano 2022. Así, con data do 16 febreiro do 2022 ten entrada na intervención xeral municipal acta de conformidade e documento contable RC 9202220001310, importe 202.706,31 euros para proceder ao pagamento da factura A21.71.

5. Con data do 23 de febreiro do 2022 a intervención xeral municipal emite informe de fiscalización (Ref.: 129/2022) no que se pon de manifesto, entre outros aspectos, “*unha contradición entre o gasto comprometido no acordo de adxudicación do contrato polo tipo de adxudicación e a distribución por anualidades establecida no contrato asinado polas partes, que determina un maior volume de prestación que a correspondente adxudicación*”.

Conclúe o informe da intervención xeral, formulando unha nota de reparo de forma previa á adopción do acordo de gasto correspondente, en aplicación do disposto no

artigo 215 do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo.

6. Con data 25 de febreiro de 2022 asínase addenda ao contrato no que se modifican e especifican os importes a facturar nos diferentes períodos das anualidades comprendidas no contrato quedando fixadas no seguinte sentido: O prezo do contrato será de 409.500 € (EUROS CATROCIENTOS NOVE MIL CINCOCENTOS), IVE excluído. O IVE (21 % da cantidade anterior) ascende a 85.995 € o que fai un importe total de 495.495 €.

O pagamento realizarase contra catro facturas, expedidas de acordo coa normativa vixente, debidamente conformadas pola unidade que reciba o traballo ou, no seu caso, polo designado como responsable do contrato:

A primeira delas por un importe de 202.706,21 euros, a presentar antes do fin do ano 2021.

A segunda polo importe restante (42.847,14 €) do prezo de adxudicación anual, de ser o caso, a presentar á finalización dos traballos correspondentes ao Nadal 2021.

A terceira, xa correspondente ao Nadal 2022, por un importe de 208.284,71 euros, a presentar antes do fin do ano 2022.

A cuarta e última, polo importe restante (41.656,94 €) do prezo de adxudicación, de ser o caso, a presentar á finalización dos traballos correspondentes ao Nadal 2022.

En consecuencia, a distribución anual do gasto queda como segue:

2021: 202.706,21 €
2022: 251.131,85 €
2023: 41.656,94 €

7. Con data do 25 de febreiro do 2022, previo informe da dirección de área de réxime interno, coa conformidade da concelleira de contratación, o alcalde resolve a discrepancia e o reparo da intervención e levanta a suspensión, para os erectos legais procedentes.

8. Con data do 29 de abril do 2022, contabilízase á modificación de crédito 2022-INCOR-06, de saldos de gastos debidamente comprometidos durante o ano 2021 – en fase AD ou D-. Entre ditos saldos figuran os relativos á anualidade 2021 do contrato de subministración, instalación, posta en funcionamento, mantemento e posterior retirada, en réxime de aluguer, dos elementos decorativos de alumeado do Nadal 2021 e 2022:

Nº Operación	Fase	Referencia	Aplicación	Importe
220210023703	AD	22021006242	2022 060 33800 2030000	202.706,21

9. Á vista do exposto, e tendo en conta que o vicio de do que adoeceía o contrato xa foi subsanado e de que produciu á incorporación do saldo de crédito pendente do ano 2021, procede tramitar o pago da factura A21-72 con número de rexistro de contabilidade 2022/2013 por importe de 202.706,21 euros con cargo ao AD 220210023703.

10. Dende esta unidade administrativa infórmase que as prestacións ás que se refire a factura foron realizadas de conformidade co disposto no contrato derivado do

expediente de contratación CON/48/2021.

11. Dende esta unidade administrativa infórmase ademais que as prestacións obxecto de facturación son imprescindibles para a correcta execución do contrato asinado no marco do expediente de contratación CON/48/2021.

12. Non obstante ao ser un servizo realizado no exercicio económico 2021, e afectada pola nota de reparo segundo o informe da Intervención Xeral Municipal 129/2022, citado anteriormente, procede iniciar a tramitación do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, que lodo debe ser remitida á Intervención Municipal para emisión do correspondente informe, con carácter previo á elevación ao Pleno da Corporación.

13. O Real decreto 424/2017, do 28 de abril, regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local; e nesa liña, o apartado 1.4. da base 30 das Bases Xerais de Execución do Orzamento Municipal para o ano 2022, establece cales son os documentos mínimos que debe conter o expediente para recoñecemento da obrigação.

En cumprimento do redactado nos parágrafos anteriores, este expediente cumpre os requisitos esixidos:

factura detallada.

acta de conformidade.

documento contable AD 220210023703.

e o presente informe xustificativo da necesidade do servizo e enconsecuencia do gasto efectuado.

14. Considérase ademais que nos gastos de referencia concorren os requisitos e esixencias contidas en dito artigo, para que proceda o recoñecemento das correspondentes obrigas mediante a tramitación do expediente de recoñecemento extraxudicial e abono da correspondente indemnización ao terceiro polas prestacións efectuadas a esta Administración municipal, isto é:

Xustificación da necesidade do gasto nos termos que se deixan expostos nesta proposta.

Non ser necesario a constitución de garantías en razón a natureza dos servizos prestados.

Que as prestacións realizadas polo terceiro son as estrictamente necesarias para satisfacer a necesidade que motiva aquelas e que derivan do expediente de contratación CON/48/2021.

As actuacións realizáronse baixo o principio de boa fe e confianza lexítima.

Que os prezos facturados son correctos e adecuados ao mercado como se deriva do estudo económico integrado no expediente de contratación CON/48/2021.

O período de realización do servizo coincide coa data da facturación.

15. En base ao exposto e non resultando posible a restitución das prestacións

recibidas, considérase que debe abonarse aos provedores, en concepto de indemnización para evitar un posible enriquecemento inxusto por parte desta Administración municipal, os importes facturados.

Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Real decreto 500/90, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos.

Lei 9/2017, do 28 de abril, de contratos do sector público.

Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Bases de execución dos orzamentos xerais municipais.

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos e unha indemnización substitutiva recoñecendo a débeda contraída coa empresa ILUMINACIONES SANTIAGUESAS, SL, con CIF núm. B15279359, segundo factura número A21.71, por un importe de DOUSCENTOS DOUS MIL SETECENTOS SEIS con VINTEÚN euros (202.706,21 €), en concepto de Subministración, instalación, posta en funcionamento, mantemento e posterior retirada, en réxime de aluguer, dos elementos decorativos de alumeado do Nadal 2021.

Segundo. Recoñecer a obriga derivada das accións da referencia por un importe total de DOUSCENTOS DOUS MIL SETECENTOS SEIS con VINTEÚN euros (202.706,21€), cuxos gastos se deberán anotar polo seu importe abonando á conta 413 “Acredores por operacións devengadas”.

Xa que logo, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e 13 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (6 PP, 5 CA e 2 BNG), acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos e unha indemnización substitutiva recoñecendo a débeda contraída coa empresa ILUMINACIONES SANTIAGUESAS, SL, con CIF núm. B15279359, segundo factura número A21.71, por un importe de DOUSCENTOS DOUS MIL SETECENTOS SEIS con VINTEÚN euros (202.706,21 €), en concepto de Subministración, instalación, posta en funcionamento, mantemento e posterior retirada, en réxime de aluguer, dos elementos decorativos de alumeado do Nadal 2021.

Segundo. Recoñecer a obriga derivada das accións da referencia por un importe total de DOUSCENTOS DOUS MIL SETECENTOS SEIS con VINTEÚN euros (202.706,21€), cuxos gastos se deberán anotar polo seu importe abonando á conta

413 “Acredores por operacións devengadas”.

8. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE CA SOBRE A SITUACIÓN DO CONTRATO E A DAS TRABALLADORAS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

O texto da proposición presentada, ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno, co obxectivo de elaborar unha auditoría detallada do primeiro ano do contrato en tanto que servizo público de titularidade municipal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Durante o anterior mandato municipal o Concello de Santiago duplicou o orzamento do SAF -pasando de 1 a 2 millóns anuais- e marcouse a liña e evolución do que debería ser un auténtico servizo público de calidade. Así, incorporáronse unha serie de melloras de forma obrigatoria que, ata aquel momento, eran cuestións optativas que podían ou non ofertar as empresas. Obrigando ás adxudicatarias a pór a disposición do servizo camas articuladas, guindastres con arneses e colchóns antiescaras para persoas con mobilidade reducida. Incorporando 4 prazas residenciais para a súa utilización polo Concello nos supostos de urxencia; incorporando os servizos de perruquería, podoloxía e limpeza de choque pasaron a ser de prestación obrigatoria no servizo. Tamén se estableceu que na prestación do servizo non haxa máis de 2 auxiliares cun mesmo usuario ou usuaria.

Ademais, garantizouse a posibilidade de incrementar as horas de servizo nun 40% no caso de que a Xunta dera novas altas de persoas usuarias, algo que non estaba recollido no contrato anterior. Ademais, foi un dos primeiros contratos en incorporar as cláusulas sociais na contratación pública. Deste xeito, o goberno de Compostela Aberta iniciou un camiño que ata aquel momento non era habitual nos servizos de contratación municipais, para primar a calidade e non só o prezo na contratación pública no Concello de Santiago.

Nas diferentes negociacións de orzamento no vixente mandato, Compostela Aberta sempre solicitou continuar con esta liña e aumentar progresivamente o orzamento do contrato do SAF e tamén fixo un acompañamento da situación das traballadoras e da atención das súas demandas, así como de que non se perderan conquistas ou dereitos laborais adquiridos con anterioridade.

Así, no pleno de Outubro de 2020 presentabamos unha proposición para que o goberno local establecera canles de interlocución coas traballadoras e así poder coñecer e dar resposta ás súas demandas, ademais de que o contrato novo contara coa suficiente dotación orzamentaria para incorporar as súas demandas.

Tan só uns meses despois, en marzo do 2021, tamén no Pleno ordinario, solicitamos que o goberno local lle exixira á empresa adxudicataria do servizo a elaboración dun Protocolo con medidas de seguridade e protección preventivas para as traballadoras. Unhas medidas cuxo obxectivo debería ser o de organizar mellor a atención domiciliaria de acordo coa avaliación dos riscos e as súas características. Un protocolo, en definitiva, que permitira proporcionar ás traballadoras pautas de actuación sobre medidas hixiénicas, dispositivos de limpeza, material de uso (batas

desbotables, luvas...) ventilación, etc. no traballo diario de atención e coidados nos domicilios.

Xa máis recentemente, a finais do pasado ano 2021, no mes de decembro levamos ao Pleno unha moción para dar o apoio do Pleno da Corporación ás traballadoras do SAF en toda Galicia, nun momento no que se estaba a reclamar un novo convenio colectivo. Unhas traballadoras que atenden a máis de 25.000 persoas dependentes, a pesar de soportar unhas condicións indignas nun servizo social tan importante. Levan anos loitando porque se lles escoite, mais observan con frustración como pasan os anos e as súas reivindicacións seguen esquecidas por parte das empresas e, o que é máis grave aínda, das administracións públicas. Nun momento no que xa van máis de 10 anos sen renovación do convenio colectivo, sendo o último asinado no 2009 para o período 2009-2011, unha situación que é intolerable. A Patronal do sector non só relantiza as negociacións para un novo acordo senón que incumpre sistematicamente este convenio xa obsoleto.

E hai tres meses, no Pleno de marzo do 2022, preguntabámoslle á concelleira delegada sobre a situación das traballadoras do SAF vinculadas ao servizo municipal dependente do Concello de Santiago, ás que daquela aínda non se lles facilitaran as tarxetas de estacionamento, nin se lles aplicara a subida salarial equivalente ao IPC de 2021, e no caso de ser consciente desta problemática, que medidas pensaba tomar para resolvelas e en que prazo de tempo o faría.

Pois, pasan os meses e o goberno local continúa na súa desidia e inacción, unha vez que xa abandonou a pasividade total xa que agora, polo menos, escoitan ás traballadoras dun servizo público e municipal aínda que sexa en réxime de concesión. Continúa a problemática das autorización de estacionamento en zona verde de residentes e/ou zona azul da ORA, onde o Concello non dá información clara e precisa sobre os permisos para aparcas ou non, e onde xa chegaron as primeiras multas.

Continúa sen aplicarse correctamente a suba do IPC que para este ano debería ser do 6,5%. Ata o mes de Abril non cobraron ningunha suba e neses mes de forma acumulada dende xaneiro, subíronlles un 3,1%, sen ter información algunha do resto da subida. Ademais de que a suba do IPC esta a empresa aplicouna desde o seu salario base, sen contar co complemento de antigüidade como tal e como debería ser.

Existe tamén unha problemática coa bolsa de horas trimestral, de forma que, se por motivos dos usuarios non fan as horas da súa xornada laboral, a empresa non chama ás traballadoras para recuperalas e acaban descontándollas das súas xa reducidas nóminas.

O problema de contabilización das horas, ademais, é aínda máis complexo, posto que a empresa non contabiliza sempre correctamente as horas sindicais ou as horas de formación. Ao anterior úneselle o incumprimento do convenio colectivo xa que non se está chamando, para cubrir horas, á xente con máis antigüidade que non ten xornada completa, senón que se está a contratar xente nova.

E por se todo o anterior non fose xa máis que suficiente as novas coordinacións, que aparecen no novo contrato, agora mesmo só coordinan usuarios mais non traballadoras, polo que estas non saben moi ben a que coordinadora contactar ou de cal dependen pois, en numerosas ocasións, nin lle atenden ao teléfono cando as chaman para resolver incidencias. Para agudizar o caos organizativo ata o momento, as reunións periódicas coas coordinadoras son inexistentes, e ademais as poucas que

houbo esporádicas tiveron que afrontalas en horas de lecer e non en horas laborais, como correspondería.

Por outra banda, hai unha queixa unánime do colectivo de traballadoras do servizo de axuda no fogar relacionado co contido das tarefas que se lles está mandando realizar, porque na actualidade estase a primar a limpeza dos fogares sobre a atención ás persoas. As traballadoras do SAF teñen encomendado un labor específico de tipo preventivo: colaborar no mantemento da persoa usuaria na súa contorna habitual, previr o risco de marxinación, illamento ou abandono, previr a progresiva deterioración das familias, paliando déficits persoais, neste sentido, as tarefas a realizar están relacionadas con dar compañía para evitar situacións de soidade e illamento; apoio e acompañamento na realización de trámites administrativos, sanitarios, etc.; desenvolvo de autoestima, valoración de si mesmo e os hábitos de coidado persoal e axuda na realización de tarefas domésticas. Agora ben, as traballadoras do servizo no fogar están sendo obrigadas a realizar constantemente tarefas de limpeza de choque e servizos de limpeza especial cando esas tarefas non as contempla o convenio e corresponden a empresas especiais de limpeza; e vense obrigadas a destinar máis tempo da súa xornada a funcións domésticas como limpeza de azulexos ou fiestras, en prexuízo da atención ás persoas. Ademais, por saúde laboral o persoal do SAF debe entrar a traballar nos domicilios en condicións axeitadas de salubridade e hixiene.

Por todo o anterior, e para solucionar a situación das traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar de Santiago e polo tanto mellorar a calidade do mesmo, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte

ACORDO:

En tanto que servizo público da súa titularidade, corresponde ao Concello de Santiago a dirección, fiscalización, avaliación e control do servizo de axuda no Fogar, por este motivo, o Pleno da Corporación insta ao correspondente órgano de goberno local a:

1. Elaborar unha auditoría detallada do primeiro ano do contrato para pór a disposición dos grupos municipais e da representación sindical das traballadoras, así como da cidadanía en xeral -a través do portal de transparencia- na que se informe da calidade da prestación do contrato ata agora e nomeadamente no relativo ás cláusulas 5: organización do servizo, 6: recursos humanos, 7: medios materiais, 8: axudas técnicas e servizos complementarios, 9: calidade do servizo, seguimento e avaliación.

2. Que na mencionada auditoría se faga especial fincapé nas reclamacións e reivindicacións das traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar, que se comprobe o cumprimento do convenio colectivo -no relativo a subidas de IPC, complemento de horas e contratación de novo persoal, e todo o relativo ao recoñecemento de dereitos laborais- e que sexa cotexada e contrastada coa representación sindical das mesmas, para posteriormente tomar as medidas oportunas e solucionar as mesmas."

Rematado o debate o Pleno da Corporación, por 13 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais de CA, do PP e do BNG (5 CA, 6 PP e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE acorda instar ao correspondente órgano de goberno local a:

1. Elaborar unha auditoría detallada do primeiro ano do contrato para pór a disposición dos grupos municipais e da representación sindical das traballadoras, así como da cidadanía en xeral -a través do portal de transparencia- na que se informe da calidade

da prestación do contrato ata agora e nomeadamente no relativo ás cláusulas 5: organización do servizo, 6: recursos humanos, 7: medios materiais, 8: axudas técnicas e servizos complementarios, 9: calidade do servizo, seguimento e avaliación.

2. Que na mencionada auditoría se faga especial fincapé nas reclamacións e reivindicacións das traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar, que se comprobe o cumprimento do convenio colectivo -no relativo a subidas de IPC, complemento de horas e contratación de novo persoal, e todo o relativo ao recoñecemento de dereitos laborais- e que sexa cotexada e contrastada coa representación sindical das mesmas, para posteriormente tomar as medidas oportunas e solucionar as mesmas.

9. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA MELLORAR OS ESPAZOS PÚBLICOS NO BARRIO DO AVÍO, A TORREIRA E O ROMAÑO.

A proposición presentada, ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno para realizar diversas actuacións para mellorar os espazos públicos no barrio do Avío, a Torreira e o Romaño.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A veciñanza do barrio do Avío, A Torreira e O Romaño enviou aos grupos municipais un informe coas demandas de obras de conservación e infraestruturas de servizos básicos. Destas reclamacións, a maioría son relativas ao mantemento e limpeza de elementos de zonas públicas, que requiren un escaso investimento económico, e que xa deberían estar programadas para facer de xeito periódico para evitar unha maior deterioración e gasto dos recursos. De entre estas propostas, xa no acordo sobre os remanentes de 2021 decidiuse crear un parque infantil na parcela do centro sociocultural do Romaño, concibido como un complemento á oferta de lecer e de lugar de encontro interxeracional.

Faise necesaria tamén unha reordenación do tráfico na zona pública da praza á altura dos números 16, 18, 20 e 22 da rúa da Torreira para gañar espazo público para a veciñanza.

No ámbito da seguranza viaria, requiren a instalación de varandas, por risco de caída, no límite das beirarrúas cos soares na parada 482 da liña 4 do autobús dirección Romaño-Cancelas, (rúa da Torreira nº 31), na parada 390 da liña 4 do autobús dirección Romaño-Cancelas (rúa da Ponte do Romaño nº 20) e Pitti Casa e tamén entre o nº 17 e nº 19 da rúa da Torreira.

Outro labor de mantemento que pode solucionarse coa brigada municipal é suxeitar con parafusos as varandas das escaleiras que comunican a rúa da Torreira coa Torreira de Arriba, así como proceder á súa limpeza.

É necesario colocar un espello de tráfico entre o nº 59 e o nº 61, onde existe perigo de accidentes por escasa visibilidade, na rúa Torreira de Arriba.

De mesmo xeito, cómpre repintar todos os pasos de peóns e a instalación de sinalización vertical nas paradas de autobús, xunto coa reposición de baldosas e de

bordes rotos.

En canto aos sumidoiros, existen numerosas arquetas en mal estado, ademais da falta de limpeza do canlón de saída da auga do lavadoiro, xa que está continuamente atascado e inunda a estrada con frecuencia.

Propoñen acondicionar unha zona de descanso, con mesas e bancos ao pé do hórreo situado na metade das escaleiras que unen a rúa da Torreira coa rúa da Torreira de Arriba.

Ademais, reclaman máis oferta de cursos destinados ás persoas maiores, con prazas de risoterapia, xerontoterapia e baileterapia (que foi suprimida desde a pandemia).

Advirten tamén de que nas zonas de Casal de Hortas, Montes e na rúa do Romaño non dispoñen de saneamento nin de abastecemento de auga, uns servizos básicos que é necesario implementar.

Ademais, é necesario darlle continuidade á reurbanización da travesía provincial das rúas do ámbito do Avío-Torreira-Romaño, en colaboración con outras administracións, para recuperar o proxecto de 2007, e dispor de beirarrúas e iluminación adecuadas.

Por todo isto, propoñemos ao pleno da Corporación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1.- O Pleno do Concello de Santiago insta ao organismo competente a proceder á reordenación do tráfico na praza da rúa da Torreira e aos labores de mantemento, seguranza viaria e mellora da limpeza no barrio do Avío.

2.- O Pleno do Concello de Santiago comprométese a ofertar no programa xeral dos centros socioculturais máis actividades e máis adecuadas para o lecer e a saúde das persoas maiores.

3.- O Goberno local realizará as xestións necesarias para, en colaboración con outras administracións, darlle continuidade á reurbanización da travesía provincial do ámbito do Avío-Torreira-Romaño.”

Rematado o debate o Pleno da Corporación, por 13 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do BNG do PP e de CA (2 BNG, 6 PP e 5 CA), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE acorda:

1.- Instar ao organismo competente a proceder á reordenación do tráfico na praza da rúa da Torreira e aos labores de mantemento, seguranza viaria e mellora da limpeza no barrio do Avío.

2.- Comprométerse a ofertar no programa xeral dos centros socioculturais máis actividades e máis adecuadas para o lecer e a saúde das persoas maiores.

3.- Que o Goberno local realice as xestións necesarias para, en colaboración con outras administracións, darlle continuidade á reurbanización da travesía provincial do ámbito do Avío-Torreira-Romaño.

Interrompese a sesión cando son as 11:51 horas e volve a retomarse ás 12:17 horas, coa asistencia de todos os/as presentes ao inicio da sesión.

10. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA HABILITAR UN PROGRAMA MEDIANTE CÓDIGOS QR E NAVILENS PARA MELLORAR A SINALÉTICA E OFRECER INFORMACIÓN SOBRE O NOMENCLÁTOR DAS RÚAS E ROTEIROS DESTACADOS.

A proposición presentada, ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno para habilitar un programa para instalar códigos QR e NaviLens -ou coa tecnoloxía que considere oportuna- para mellorar a sinalética e ofrecer información sobre o nomenclátor das rúas e roteiros destacados.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En 2012 a cidade de Monmouth, no Reino Unido, converteuse na primeira urbe wikipedificada coa instalación de códigos QR (*Quick Response*, de resposta rápida) nas rúas, prazas, monumentos, museos e demais espazos públicos e cunha rede WI-FI de balde que permite escanear o seu contido informativo en 25 idiomas.

Cada vez son máis as cidades que teñen códigos tecnolóxicos para contar desde unha aplicación móbil detalles do nome e da historia das rúas, xunto con fotografías e vídeos, que ilustran a información.

Nalgúns destes casos, instaláronse códigos con tecnoloxía NaviLens, que facilitan moverse a unha distancia superior, aínda que a placa estea situada nun lugar elevado, xa que non precisan ser enfocados co teléfono móbil, e gañan en accesibilidade, posto que poden ser usados por persoas con discapacidades visual, auditiva, cognitiva ou motriz.

Deste xeito, Santiago de Compostela pode usar algúns destes sistemas de tecnoloxía para mellorar a sinalética e dar información sobre o nomenclátor das rúas, como fonte de coñecemento, independentemente de que xa se instalen en monumentos e parques, ademais de servir para a creación de itinerarios turísticos e culturais.

Por todo isto, propón ao Pleno da Corporación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Concello de Santiago de Compostela habilitará un programa para instalar códigos QR e NaviLens -ou coa tecnoloxía que considere oportuna- para mellorar a sinalética e ofrecer información sobre o nomenclátor das rúas e roteiros destacados.”

Rematado o debate o Pleno da Corporación, por 13 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do BNG do PP e de CA (2 BNG, 6 PP e 5 CA), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE acorda que o concello habilitará un programa para instalar códigos QR e NaviLens -ou coa tecnoloxía que considere oportuna- para mellorar a sinalética e ofrecer información sobre o nomenclátor das rúas e roteiros destacados.

11. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA A ELABORACIÓN E TRAMITACIÓN DUN REGULAMENTO DE USOS DE ESPAZOS EMBLEMÁTICOS DA CIDADE.

A proposición presentada, ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O extraordinario valor histórico e monumental da cidade de Santiago, máis alá dos propios edificios de carácter relixioso ou civil, esténdese aos espazos públicos que se foron conformando ao longo dos séculos como tradicionais lugares de relación, de convivencia e de goce para a veciñanza e para todas aquelas persoas que desde hai séculos nos visitan.

A crecente actividade económica e turística dos últimos anos, que se está a reactivar tras a paréntese da pandemia, está a poñer de manifesto a necesidade de regular os espazos convertidos en emblemáticos dentro da nosa cidade, de forma especial a Praza do Obradoiro e o resto das prazas do contorno da Catedral, así como o parque de Bonaval, entre outros posibles. Estes lugares, pola súa configuración como “marcos incomparables” ou singulares centros neuráxicos e de atracción, están a soportar usos do máis variado, que cabalmente chocan coa súa especial consideración histórica ou ambiental.

Todos somos conscientes da proliferación de usos inadecuados que se evidencian en determinados eventos, exposicións e actividades de marcado carácter comercial ou publicitario -con instalacións de gran porte e superficie- ou na ocupación dos espazos públicos, como no caso da mesma Praza do Obradoiro, para pícnicos grupais a mantel posto con todo tipo de viandas e mesmo o consumo de bebidas alcohólicas con envases de vidro, que máis alá de constituír un atentado ao decoro e á urbanidade, supoñen unha ameaza para o tránsito e a seguridade dese espazo. Unha realidade que non debemos ignorar quen a constatamos a diario, mesmo na porta principal da Casa do Concello.

Non se trata de menoscabar os lexítimos dereitos individuais, ben protexidos polo noso ordenamento xurídico, nin de articular e aplicar simplemente un catálogo de sancións, senón de garantir o goce destes espazos pola cidadanía, como prevención e protección fronte a determinadas actitudes, agresións, alteracións e usos indebidos que se afastan da súa singular consideración e do valor histórico e monumental que eses espazos representan.

Trataríase de complementar as normas e determinacións que, de forma detallada e exhaustiva, regulan xa as actividades urbanísticas e comerciais nesas zonas na procura dunha maior coherencia e harmonía. Se a veciñanza, nas súas vivendas ou nos seus negocios, deben atender e cumprir un amplo catálogo de disposicións relativas á protección do patrimonio, parece lóxico que en xusta correspondencia a Administración local se preocupe por mellorar esa protección patrimonial e ambiental nos espazos públicos.

Á vista do exposto, o Grupo Municipal Popular proponlle ao conxunto da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno do Concello de Santiago insta ao correspondente órgano de Goberno a que impulse, ao longo do ano actual, a elaboración e tramitación dun Regulamento de usos de espazos emblemáticos da cidade, entre os que se inclúa, cando menos, a Praza do Obradoiro e o resto das prazas do contorno da Catedral, así como o parque de Bonaval, para impedir o seu uso trivial e incontrolado.”

Á presente proposición presentou emenda de substitución o grupo municipal de CA, co seguinte contido:

“Substituír a parte final do punto do acordo: “así como o Parque de Bonaval, para impedir o seu uso trivial e incontrolado”.

Polo seguinte texto: “así como dos parques e zonas verdes integrados dentro do Plan Especial da Cidade Histórica, para promover o seu uso residencial e en concordancia coa conservación patrimonial e monumental.”

Tras ser aceptada a emenda transcrita, o Pleno da Corporación por 13 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (6 PP, 5 CA e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao correspondente órgano de Goberno a que impulse, ao longo do ano actual, a elaboración e tramitación dun Regulamento de usos de espazos emblemáticos da cidade, entre os que se inclúa, cando menos, a Praza do Obradoiro e o resto das prazas do contorno da Catedral, así como dos parques e zonas verdes integrados dentro do Plan Especial da Cidade Histórica, para promover o seu uso residencial e en concordancia coa conservación patrimonial e monumental.

12. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE CA SOBRE A SITUACIÓN DO BARRIO DAS FONTIÑAS PARA A IMPLEMENTACIÓN DE MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA A SÚA MELLORA.

A `proposición presentada ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno, co obxectivo de que se trate as problemáticas específicas do barrio das Fontiñas e para que se planifiquen medidas es plan municipal para solucionala.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A construción do barrio das Fontiñas entre finais dos 80 e principios dos 90 foi un fito para Santiago de Compostela que supuxo un importante crecemento demográfico chegando a superar os 11.000 habitantes en poucos anos. Un novo barrio que nos seus xa trinta anos de existencia foi poboado por persoas chegadas doutros barrios de Santiago ou de fóra da cidade, e comezou a vivir neste barrio por motivos laborais ou pola oferta de vivendas de promoción pública.

Segundo os datos recollidos no *Diagnóstico Comunitario do Barrio das Fontiñas* polo departamento de Políticas Sociais de Santiago, a porcentaxe de adultos é do 57,2%, a de menores é do 17,5%, a de mozos é do 14,3% e a dos maiores é do 11%, sendo o número de persoas de orixe estranxeira do 3,3%. Unha poboación que habita un barrio

que dispón de numerosos equipamentos públicos mais que tamén ten necesidades e carencias que deben ser resoltas polo Concello.

Nunha recente Asemblea Aberta organizada polo grupo municipal de Compostela Aberta no barrio detectouse que a mobilidade e a accesibilidade é unha das grandes eivas actuais do barrio. En parte pola excesiva velocidade dos vehículos en varias das súas rúas ou polas numerosas voltas que actualmente dan as liñas de bus urbano por dentro do barrio. Precisamente, moitas destas carencias están relacionadas coas actuais obras da Avenida de Lugo, que conxuntamente coas reformas, no ano 2009, da Rúa de Berlín e da Rúa de Londres supuxeron unha das grandes mudanzas do barrio desde a súa conformación inicial entre o 1988 e 1993.

Esta nova conexión entre as Fontiñas e o barrio de San Pedro coa súa saída natural ten significado que non se poda facer o xiro da Rúa de Berlín cara Rodríguez de Viguri que si estaba permitido no proxecto inicial das obras do camiño francés, ou que a sobrecarga da Rúa Londres como nova entrada no barrio implique a necesidade dunha nova rotonda na confluencia das rúas Lisboa e Dublín con Londres, para solucionar a problemática do actual cruce regulado unicamente con sinais de Stop. Tal e como propuxo Compostela Aberta no pleno ordinario de xaneiro deste ano, nunha proposición que foi aprobada pola corporación.

Dentro destes problemas de mobilidade e tránsito existen queixas sobre que as rúas se teñen convertido nunha zona de paso para chegar ao Centro Comercial das Cancelas, o que ten aumentado sensiblemente o tránsito rodado en toda a zona. Precisamente a construción das Cancelas ten implicado o esmorecemento da Área Central, que fora inaugurada en 1993 como a maior rúa comercial de Europa, con 120 tendas e 656 vivendas no seu interior. Unha situación que tamén denuncia a veciñanza é á que o Concello debe contribuír para solucionar.

O deficiente mantemento municipal das rúas e zonas verdes, así como da seguridade nos diferentes parques infantís, a existencia de ratas nalgúns zonas, a escaseza de contedores para depositar o lixo, ou a lamentable situación actual do Parque Carlo Magno son outras das queixas recorrentes no barrio, ademais de pedir que se solucionen os problemas de accesibilidade que aínda existen localizados en por varios puntos da súa xeografía.

Ademais, moita de veciñanza manifesta certos síntomas de agravio polo trato recibido por parte do goberno local no caso da ubicación da nova sede do Imelga, ou por ter deslocalizado a futura residencia para a terceira idade a outra zona da cidade, cando en principio a Xunta de Galicia tiña acordada co goberno anterior a súa construción nas Fontiñas.

É por todo o anterior que algunhas das necesidades máis sentidas no barrio teñan que ver coa construción dun novo centro de día para persoas maiores -que podería estar localizado na parcela na que se pretendía construír a residencia-, coa necesaria cuberta para o parque infantil da Rúa Lisboa para poder ser usado tamén no inverno, coa implementación real da policía de barrio, coa construción -tres anos despois- da cuberta da piscina das Fontes do Sar ou co mantemento de todas as zonas verdes incluída a senda das Brañas de Sar, ou a ampliación do Centro de Saúde.

Propostas pensadas para o calzado do tránsito rodado e que manteñen unha dimensión humana como as feitas no mandato anterior cando se construíu o elevador de Triacastela, se repintou e instalaron berlinesas para reducir a velocidade na Rúa

Paris, reurbanizouse a rúa de Dublín tamén para reducir velocidade, abriuse a Ludoteca Maria Miramontes, proxectouse a construción da cuberta do parque infantil e das piscinas do Fontes de Sar, ou se nomeou o Parque Begoña Caamaño, entre outras moitas relacionadas co mantemento do día a día do barrio.

Por todo o anterior, e co obxectivo de dar resposta ás necesidades do barrio das Fontiñas e atender as demandas da súa veciñanza, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

Instar ao correspondente órgano de goberno local a:

1. Executar unha serie de medidas urxentes orientadas para a mellora da mobilidade en todo o barrio, co calzado do tráfico en varios puntos, coa mellora da accesibilidade arranxo das rúas deterioradas, coa construción da nova rotonda da Rúa Londres, coa habilitación do xiro da Rúa de Berlín con Rodríguez de Viguri, coa revisión dos itinerarios dos autobuses e a implementación da policía de barrio.
2. Elaborar un diagnóstico de necesidades e demandas sociais do barrio das Fontiñas para poder incorporar estas melloras nos orzamentos municipais dos próximos anos.
3. Instar á Xunta de Galicia á construción do centro de día nas inmediacións do barrio nalguna das parcelas aínda dispoñibles para o mesmo."

Á presente proposición presentou emenda o grupo municipal do BNG, que non foi aceptada.

Así mesmo, presentou emenda in voce o grupo municipal do PP e solicitouse ademais a votación separada por puntos, e tras ser aceptadas, o Pleno da Corporación acorda:

Por 13 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais de CA, do PP e do BNG (5 CA, 6 PP e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, instar ao correspondente órgano de goberno local a executar unha serie de medidas urxentes orientadas para a mellora da mobilidade en todo o barrio, co calzado do tráfico en varios puntos, coa mellora da accesibilidade arranxo das rúas deterioradas, coa construción, previo informe favorable do departamento de mobilidade e da policía local, da nova rotonda da Rúa Londres, coa habilitación do xiro da Rúa de Berlín con Rodríguez de Viguri, coa revisión dos itinerarios dos autobuses e a implementación da policía de barrio.

Por 13 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais de CA, do PP e do BNG (5 CA, 6 PP e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, instar ao correspondente órgano de goberno local a elaborar un diagnóstico de necesidades e demandas sociais do barrio das Fontiñas para poder incorporar estas melloras nos orzamentos municipais dos próximos anos.

Por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA, do PSdeG-PSOE e do BNG (5 CA, 10 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 6 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes do grupo municipal do PP, instar á Xunta de Galicia á construción do centro de día nas inmediacións do barrio nalguna das parcelas aínda dispoñibles para o mesmo.

13. DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR EN DISTINTAS COMISIÓNS.

Vistos os escritos presentados polo grupo municipal do Partido Popular, con datas 6 e 20 de maio do corrente ano, de modificación de representantes do devandito grupo en distintas comisións, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, acorda designar os seguintes representantes do grupo municipal do Partido Popular nas seguintes comisións:

COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, INFRAESTRUTURAS, VIVENDA, MEDIO AMBIENTE, MEDIO RURAL E SERVIZOS:

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela
Don José Antonio Constenla Ramos
Dona María Castelao Torres
Suplentes os demais membros do grupo municipal.

COMISIÓN INFORMATIVA DA ÁREA DO SOCIAL, PARTICIPACIÓN, IGUALDADE E TRANSPARENCIA:

Don José Antonio Constenla Ramos
Don Evaristo Ben Otero
Dona Beatriz Cigarrán Vicente
Suplentes os demais membros do grupo municipal.

COMISIÓN ASESORA DE PATRIMONIO HISTÓRICO:

Don José Antonio Constenla Ramos
Don Pedro José Rey Sanchiz (en substitución de Don Evaristo Ben Otero)
Suplentes: os demais membros do grupo municipal.

COMISIÓN ESPECIAL DE SUXESTIÓNS E RECLAMACIÓNS:

Titulares:
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela (en substitución de Dona Beatriz Cigarrán Vicente)
Don Evaristo Ben Otero.
Suplentes: Os demais membros do grupo municipal.

14. DAR CONTA DO INFORME RESUME DOS RESULTADOS DAS ACTUACIÓNS DE CONTROL EXECUTADAS POLA INTERVENCIÓN XERAL MUNICIPAL. EJERCICIO 2021.

Dáse conta ao Pleno da Corporación do informe do interventor xeral do concello de data 25 de maio do corrente ano, do resume dos resultados das actuacións de control executadas pola intervención xeral municipal, exercicio 2021 (expediente 2022/00026426F).

15. DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN XERAL MUNICIPAL DE CONTROL FINANCIERO DAS AXUDAS CONCEDIDAS AO ABEIRO DA ORDENANZA DE GARANTÍA BÁSICA.

Dáse conta ao Pleno da Corporación do informe de intervención xeral municipal de data 29 de abril do corrente ano (núm. 361/2022), de control financeiro permante das axudas concedidas ao abeiro da ordenanza de garantía básica cidadá do Concello de Santiago. Exercicio 2020.

16. DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN XERAL MUNICIPAL DE CONTROL FINANCEIRO PERMANENTE DE PROXECTOS DE GASTO.

Dáse conta ao Pleno da Corporación do informe de intervención xeral municipal (núm. 466/2022) emitido con data 29 de abril do corrente ano, de control financeiro permanente de proxectos de gasto do concello (PACF 2021).

17. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta das resolucións da Alcaldía e das concellarías delegadas do período comprendido entre o 22 de abril ao 19 de maio de 2022, ambos inclusive.

Así mesmo, tamén se da conta das seguintes actas da Xunta de Goberno:

ASUNTO XGL/2022/000018203H

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 18 de abril de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00019365F

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 21 de abril de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00019470C

Acta da ordinaria da Xunta de Goberno Local do 25 de abril de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00019984M

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 25 de abril de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00020588B

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 27 de abril de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00020975F

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 29 de abril de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00021022P

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 2 de maio de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00022068L

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 5 de maio de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00022262Y

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 9 de maio de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00023679C

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 11 de maio de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00024017J

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 16 de maio de 2022.

18. SOLICITUDE PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA DE COMPARECENCIA SOBRE O PLAN DE CONTRATACIÓN DE 2020 E AS PREVISIÓNS DO GOBERNO SOBRE O PLAN DE CONTRATACIÓN DE 2022.

Á vista da solicitude presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta con data 19 de maio do corrente ano, de comparecencia sobre o Plan de contratación de 2020 e as previsións do goberno sobre o plan de contratación de 2022, e non manifestándose oposición por ningún/unha concelleiro/a enténdese aprobada por unanimidade dos presentes, a comparecencia da concelleira delega de contratación para a vindeira sesión plenaria ordinaria que se celebre.

19. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

Interpelacións:

- 1.- Formulada por CA sobre as subvencións ao deporte federado correspondentes aos exercicios 2021 e 2022.
- 2.- Formulada polo PP sobre o proxecto para a construción dun complexo deportivo en Sta. Marta.

Rogos:

- 1.- Formulado por CA para que se leve adiante o rebaixe de beirarrúas no entorno do CEIP Ramón Cabanillas
- 2.- Formulado polo BNG sobre afectación de árbores no río Sarela.
- 3.- Formulado polo BNG para mellorar a seguranza viaria na Almaciga.
- 4.- Formulado polo BNG para a inspección da empresa concesionaria de recollida de residuos.
- 5.- Formulado polo PP para levar a cabo un maior control na concesión e uso das hortas urbanas.
- 6.- Formulado polo PP para que se rehabiliten os aseos do parque de Xixón.
- 7.- Formulado polo PP para a limpeza de pintadas e substitución de bancos no parque de San Caetano e na rúa Otero Pedrayo.
- 8.- Formulado por CA para que se contrate a limpeza dos baños interiores da dársena de Xoán XXIII.
- 9.- Formulado por CA sobre o servizo de recollida de lixo e limpeza viaria e as demandas do Comité de Empresa de Urbaser.

Preguntas resposta oral:

Formulada polo PP sobre apertura do baño accesible integrado na concesión do quiosco da alameda. **Pendientes da sesión plenaria ordinaria de abril.**

Formulada polo PP sobre a parálise das obras de selado e clausura do vertedoiro de Aríns. **Pendientes da sesión plenaria ordinaria de abril.**

Formulada por CA sobre o cese da actividade no vertedoiro de Miramontes (pendente pleno abril). **Pendientes da sesión plenaria ordinaria de abril**

- 1.- Formulada por CA sobre a rehabilitación e cesión dunha casa de titularidade pública para usos socioculturais en Conxo.
- 2.- Formulada por CA sobre a licitación do plan municipal de xuventude.
- 3.- Formulada polo BNG sobre as liñas de autobuses 6, 6A e 12, para corrixir os desaxustes e adecualas á necesidade dos intervalos horarios de paso cada 15 ou 20 minutos.
- 4.- Formulada polo BNG sobre instalacións deportivas, parque xerontoinfantil, campo da festa e espazo de lecer no lugar do Meixonfrío.
- 5.- Formulada polo BNG sobre o persoal do Servizo de Axuda no Fogar.
- 6.- Formulada por CA sobre as prestacións de rescate social de pobreza enerxética da ordenanza de garantía básica.

- 7.- Formulada polo PP sobre as actuacións previstas polo concello para mellorar os accesos aos polígonos da Sionlla e Costa Vella.
- 8.- Formulada polo PP sobre as previsións de apertura dos centros BTT da Susana e Amio.
- 9.- Formulada polo PP sobre os labores de roza e limpeza na beira da liña férrea entre a rúa Clara Campoamor e as Fontiñas.

Preguntas resposta escrita:

- 1.- Formulada polo PP sobre a situación dos contedores de recollida de lixo nas inmediacións da Praza Roxa.
- 2.- Formulada por CA sobre a instalación dunha gasoleira no espazo residencial de Brandía.
- 3.- Formulada por CA sobre as obras de conservación e mantemento nos CEIPS de Santiago.
- 4.- Formulada polo BNG sobre os criterios técnicos para instalar unha plataforma loxística con actividade industrial nunha parcela de equipamentos comunitarios.
- 5.- Formulada polo BNG sobre o transformador de Naturgy situado na praza do Toural.

Despois do debate da primeira interpelación faise un descanso cando son as 13:56 horas e retómase a sesión ás 14:03 horas, incorporándose a mesma os/as presentes ao inicio da sesión.

Ás 14:13 horas faise un novo receso e volve a retomarse a sesión as 16:01 horas.

20. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.

Os textos das mocións presentadas teñen o seguinte contido:

MOCIÓN CONXUNTA DE TODOS OS GRUPOS MUNICIPAIS EN PROL DA RECUPERACIÓN E RACIONALIZACIÓN DOS SERVIZOS FERROVIARIOS EN GALICIA

A “Lei de mobilidade sustentable” recoñece na súa exposición de motivos que a mobilidade desempeña un papel fundamental na vida das persoas. A facilidade dos desprazamentos non só favorece a liberdade de elección do lugar de residencia e o exercicio efectivo do dereito ao traballo, senón que é indispensable para acceder a outros servizos públicos esenciais como son a educación e a sanidade, así como ao lecer e goce do tempo libre.

A crise enerxética actual e a escalada de prezos, o reto climático e a saúde, ademais, esixen a adaptación dos modos de transporte cara a unha mobilidade limpa, menos vinculada á utilización do vehículo privado. E neste sentido, o transporte ferroviario de pasaxeiros destaca como a modalidade de transporte colectivo público máis sustentable.

A Unión Europea define este transporte como servizo público de interese xeral atribuíndolle unha función esencial no fomento da cohesión social e territorial, na mellora do benestar da cidadanía; destacando tamén a súa contribución ao desenvolvemento económico. Este recoñecemento como servizo de interese xeral impón aos provedores, neste caso Renfe como operador do servizo, a obriga de prestar servizos concretos en determinadas condicións: cobertura territorial completa,

uns niveis de calidade mínimos e a un prezo alcanzable.

É necesario que os investimentos públicos se centren naquilo que xera un maior valor social e por iso, ao longo dos últimos 20 anos, as administracións titulares da rede ferroviaria en Galicia realizaron un notable esforzo investidor, que se reflectiu nunha mellora das infraestruturas de ferrocarril.

Esta mellora na rede interior de Galicia, posibilitou a implantación de servizos ferroviarios declarados como “Obriga de Servizo Público” por acordo do Consello de Ministros de 15 decembro de 2017, determinando a competencia da Administración Xeral do Estado e sinalando que subscribiría un contrato con RENFE tanto para a liña de servizos de media distancia convencional Vigo A Coruña, como a de alta velocidade media distancia AVANT Ourense A Coruña.

Esta modalidade de transporte de carácter público e interese xeral con promesa de velocidades e tempos moi competitivos supuxo e supón unha oportunidade de relación entre as cidades de tal forma que se xeren dinámicas de emprego, crecemento económico e benestar á poboación nas cidades do eixo atlántico e destas con Ourense, mostrando na actualidade un comportamento en cifras de viaxeiros similar ás conexións de proximidade das grandes áreas urbanas de España.

A media distancia como modalidade sustentable de transporte público colectivo con velocidades competitivas pode e debe ser un elemento clave para que as cidades galegas. Os datos públicos dispoñibles para 2019 e 2020 sitúan a ruta A Coruña-Santiago-Vigo en cifras ao redor dos dous millóns de viaxeiros e cun incremento que ronda o 4% en 2019, sendo a cuarta ruta de España en media distancia en número de usuarios, mentres que a ruta da Coruña-Santiago-Ourense achégase ao millón de usuarios.

O aumento de usuarios e servizos, non fixo que a rede ferroviaria galega presente problemas de capacidade ou saturación, tal e como se reflicte no manual de capacidade de ADIF de 2019, así como no comunicado da Rede que recolle as circulacións dese mesmo ano. Esta circunstancia permite aos operadores poder aumentar o número de servizos en caso de aumento da demanda.

A pesar da oportunidade para o emprego, o benestar e a cohesión social e territorial que promete a infraestrutura e a dotación de servizos na modalidade de servizo público DE media distancia, este Concello é consciente das necesidades de mellora do mesmo nas conexións interiores de Galicia. Así, hai que ter en conta dous feitos que modificaron a prestación deste servizo.

1. En primeiro lugar, a pandemia xerada como consecuencia do COVID-19, a declaración do primeiro estado de alarma, así como as sucesivas normas que afectaron á mobilidade en xeral, supuxeron unha drástica eliminación de servizos que logo foron recuperados, pero sen volver á oferta existente antes de marzo de 2020.

2. En segundo lugar, a posta en marcha do servizo AVE entre Madrid e Ourense. A existencia deste novo servizo supuxo un axuste dos servizos e das conexións entre Ourense e o resto de cidades, realizado principalmente baixo a premisa de facilitar a conexión co AVE a Madrid, pero sen ter en conta as necesidades dos usuarios e usuarias galegos que utilizan o ferrocarril como medio de transporte para acudir aos seus centros de traballo.

Ante esta situación, O Concello de Santiago de Compostela considera que, para que a mellora dos servizos e infraestruturas ferroviarias de Galicia sexa unha oportunidade real para os galegos que se desprazan a ou desde Santiago, é necesario profundar na consideración do transporte ferroviario de viaxeiros como un servizo público, e en consecuencia na garantía de universalidade, accesibilidade e prestación en condicións económicas atractivas e accesibles para todos os usuarios e usuarias.

Por todo o exposto, o Pleno da Corporación solicita a adopción do seguinte,

ACORDO:

1. Que se repoñan os servizos eliminados como consecuencia da pandemia do Covid-19 e a chegada do AVE a Galicia, e que se garanta o funcionamento dos servizos e conexións nos horarios acordados, adaptando as frecuencias nos servizos de Media Distancia e Avant de forma que se facilite a súa utilización nos horarios habituais de entrada e saída do traballo, tanto en xornadas continuas como partidas.
2. Que se manteña unha oferta de servizos de media distancia en convivencia e non con prevalencia de servizos comerciais de longa distancia ou AVE que conectan a nosa Comunidade co resto da península.
3. Que se garanta a puntualidade e fiabilidade dos servizos de Media Distancia e Avant, e a intermodalidade, particularmente no uso combinado coa bicicleta.
4. Que se avance nunha política tarifaria adaptando o prezo dos abonos á realidade socioeconómica actual e mellorando a flexibilidade na utilización dos mesmos, establecendo criterios sociais para garantir o acceso universal ao tren a todas as persoas usuarias.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA POLO DESENVOLVEMENTO DUNHA PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES SAUDABLES NOS PARQUES DURANTE O VERÁN

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Plan de Actividade Física da Organización Mundial da Saúde 2018–2030 ten como obxectivo diminuír a inactividade física nun 10% no 2025 e nun 15% no 2030. Este plan, conectado cos obxectivos de desenvolvemento sostible, persegue aminorar os custos sanitarios, as desigualdades e as discriminacións; e promover o benestar, a calidade de vida, a saúde mental, o peso saudable, a conservación ambiental, entre outros retos que concibe como alianzas interconectadas.

Para mudar as tendencias actuais de inactividade, acentuadas polo impacto da epidemia da Covid19, a OMS publicou novas directrices actualizadas ao contexto pandémico e recomendou desenvolver entre 150 e 300 minutos de actividade física semanal ás persoas adultas e 60 minutos diarios para nenos e adolescentes. Ademais, trasladou que todas as persoas debemos movernos dunha forma segura e creativa para contrarrestar os efectos nocivos do sedentarismo, desenvolvendo actividades físicas que axuden no manexo das cardiopatías, a diabetes, as depresións

e a ansiedade, entre outras numerosas doenzas.

O Plan da OMS destaca que, a través de políticas públicas coidadosas coa saúde, as institucións deben favorecer “lugares activos” que promovan os dereitos de persoas de todas as idades a gozar dun acceso equitativo a espazos seguros nos que realizar actividades físicas de forma regular. Neste senso, o Plan de Actividade Física da Organización Mundial da Saúde 2018–30 recolle entre outras necesidades, mellorar o acceso aos espazos públicos ao aire libre, levar adiante iniciativas que engloben toda a comunidade, e outorgar prioridade aos programas para as persoas menos activas.

Xa no ámbito local, vimos de coñecer, na última sesión do Consello Municipal de Saúde, o Diagnóstico de Saúde do Concello de Santiago de Compostela elaborado pola Área de Medicina Preventiva e Saúde Pública da USC. No apartado número 7 dese documento atopamos indicadores a ter en conta arredor do sedentarismo e o exceso de peso da poboación:

O sedentarismo en Santiago de Compostela sitúase nun 42%, por riba da media da comunidade do 37,2.

Tamén superamos a media galega en sobrepeso: un 41,6% en Santiago, fronte á media do 39,1%.

A prevalencia de exceso de peso recollida durante o ano 2020 nos diferentes centros de saúde (Concepción Arenal, Conxo, Galeras, Vite e Fontiñas) indican tendencias no sobrepeso infantil nalgúns áreas de poboación da cidade, por exemplo un 11,3 en Vite e un 8,2 en Conxo que superan á media da cidade nun 7,2%. Tendencia que atopamos tamén nas persoas mozas, adultas e maiores que atenden nos centros de saúde nos barrios de Conxo e Vite.

Esta diagnose sobre o foco da saúde municipal facilitou datos que nos fan tomar conciencia da necesidade de impulsar programas de actividades saudables que loiten contra o sedentarismo e favorezan unha vida activa da poboación e que contribúan a mudar estas tendencias que afectan ao estado da saúde dos habitantes.

O pasado martes 3 de maio presentouse en rolda de prensa a programación “Vive o Verán” para cativos. Non atopamos comunicación sobre programación de ocio para a mocidade e persoas adultas orientada e desde o Grupo Municipal de Compostela Aberta consideramos que o Concello non pode esquecer ás persoas mozas e maiores, se ademais temos en conta os indicadores de saúde mental que tamén achega a diagnose antedita:

Nos indicadores de morbilidade atopamos un dato para matinar e buscar melloras: un 11,1% de homes e un 23,1% de mulleres con depresión e ansiedade. Nas porcentaxes de prevalencia de depresión e ansiedade por grupos de idade nos centros de saúde atopamos outra vez desmelloradas as áreas de Vite e Conxo con indicadores por riba da media na maioría das franxas de idade.

Sobre os indicadores de mortalidade, en relación ao suicidio, Santiago atópase nun 8,3 por debaixo da media da comunidade, cun 10,7 por 100.000 casos. Nos homes cunha incidencia 8,9 e nas mulleres cun 7,7.

Por todo isto, consideramos urxente recuperar as actividades municipais saudables nos parques que desapareceron durante a etapa pandémica. Desenvolver unha

programación nas zonas verdes que integre prácticas que melloran a saúde física e psíquica da poboación durante o próximo verán. Precisamos actividades para gozar das zonas verdes, diúrnas e libres de alcohol. Temos uns recursos naturais privilexiados para apostar por unha programación de verán de ocio e saúde para todas as idades. Os nosos parques son lugares preferentes de encontro, recoñecidos pola comunidade como lugares escollidos para respirar e camiñar libremente fóra de espazos pechados.

Para poñer en funcionamento unha programación de actividades saudables que fusione prácticas físicas e artísticas temos a sorte de contar con profesionais en Santiago con ampla experiencia no desenvolvemento de actividades terapéuticas, artísticas e de lecer orientadas ao benestar cos que artellar unha programación de calidade como sucede noutras cidades que aproveitan os parques para desenvolver actividades saudables con amplos segmentos da poboación.

Por todo o anterior e para fomentar unha vida máis activa na cidade que mellore a saúde de persoas maiores e mozas, o Grupo Municipal de Compostela Aberta, propón o seguinte

ACORDO:

O Goberno porá en marcha este verán un programa de actividades físicas e creativas nos parques da cidade, orientadas para contrarrestar os efectos nocivos do sedentarismo, con especial atención ás necesidades das persoas maiores e mozas.

MOCIÓN PARA DENOMINAR “HOSPITAL RAMÓN BALTAR” O HOSPITAL PROVINCIAL DE CONXO

(Retirada pola portavoz do BNG).

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA FACER EFECTIVA A LIÑA DE AXUDAS Á COOPERACIÓN PREVISTA PARA O ANO 2022 E PARA REACTIVAR O CONSELLO MUNICIPAL DE COOPERACIÓN.

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Durante o pasado mandato, co goberno de Compostela Aberta, o Concello de Santiago impulsou por vez primeira as axudas de Cooperación ao Desenvolvemento, co obxectivo de colaborar na realización de proxectos concretos en países empobrecidos. Con estas subvencións, o Goberno local daba un paso fundamental para cumprir o acordo asinado polo Concello en 1999, polo que se comprometía a destinar o 0,7% do orzamento municipal a cooperación ao desenvolvemento.

A primeira convocatoria de axudas á Cooperación ao Desenvolvemento, dotada con 90.000 euros, quedou resolta en outubro de 2017. A segunda convocatoria, aprobada en agosto de 2018 e resolta en xaneiro de 2019, estivo dotada xa con 120.000 euros. Dela resultaron beneficiarias seis entidades: Fundación Vicente Ferrer, Solidariedade Internacional de Galicia, Amigos da Terra, Asemblea de Cooperación pola Paz, Manos Unidas e Agareso; que desenvolveron proxectos en países como India, Guatemala, Nicaragua ou El Salvador.

Tendo en conta que o goberno do PSOE non foi capaz de sacar a convocatoria do 2019 e que tampouco era capaz de sacar a do ano seguinte, en outubro de 2020, o grupo municipal de Compostela Aberta presentou un rogo no Pleno da Corporación para urxir ao Goberno a convocar as citadas subvencións e que a partida non quedara sen gastar, como acontecera no ano 2019. Na súa resposta, o concelleiro Gumersindo Guinarte sinalou que a súa vontade era a de manter as convocatorias.

Finalmente, a convocatoria de 2020 non chegou a realizarse, e por iso nos orzamentos de 2021 o Goberno local incrementou a partida prevista para as axudas de Cooperación ao Desenvolvemento ata os 220.000 euros, nun intento de compensar a non convocatoria das subvencións nos dous exercicios anteriores. Ese aumento foi, ademais, un dos puntos salientados na memoria das Contas, que sinalaba que *“A política social (servizos sociais, cooperación, política de igualdade) segue a ser un dos principais ámbitos de actuación do goberno municipal”*.

En agosto de 2021, o grupo municipal de Compostela Aberta urxiu ao Goberno a publicar a convocatoria das axudas, trasladando a preocupación da Coordinadora Galega de ONGDs que, naquela altura, non tivera aínda noticias do procedemento. CA reclamaba, ademais, que “no caso de convocar as subvencións, se estimaran uns prazos realistas para a execución dos proxectos, permitindo que os potenciais beneficiarios puideran xustificar os gastos máis alá de 2021, porque doutro xeito sería imposible a súa execución”.

En Novembro do 2021 o grupo municipal de Compostela Aberta interpelaba ao goberno para que explicase os motivos polos que non se tiña realizado a convocatoria de axudas para Cooperación ao Desenvolvemento nos anos 2019 e 2020 e por que se deixaran sen gastar as partidas orzamentarias correspondentes, e para que dera conta das súas previsións para a convocatoria das axudas correspondentes a ese ano 2021. Finalmente, esas subvencións quedaron outra vez sen convocar.

En abril de 2022, a Coordinadora Galega de ONGDs manifestaba rotundamente o seu malestar renunciando a executar o programa municipal Compostela + Solidaria, “por coherencia”, ao constatar que o Concello de Santiago vai camiño de incumprir por cuarto ano consecutivo os seus compromisos coa cooperación ao desenvolvemento e coa loita contra a pobreza, deixando de executar máis de 500.000 euros orzados para este labor no que vai de mandato, nun momento especialmente complicado para os colectivos máis vulnerables. A propia CGONGD emitiu un comunicado, lembrando que o Concello de Santiago puxera en marcha en 2017 e 2018 as convocatorias de axudas para proxectos de cooperación ao desenvolvemento, que beneficiaron a nove entidades galegas que traballaron cuestións como a mellora da calidade educativa, a promoción da saúde, a equidade de xénero, o reforzo das capacidades para mellorar a xestión pública da auga ou o fortalecemento de cooperativas de pescadores e pescadoras, man a man con organizacións locais de Honduras, O Salvador, Guatemala, Nicaragua e India.

O Compostela + Solidaria é un programa municipal de sensibilización e divulgación que os últimos seis anos desenvolveu a Coordinadora de ONGDs en distintos espazos da cidade, situando Santiago como unha referencia á hora de reflexionar ao redor de temáticas como as migracións, a convivencia entre culturas, a emerxencia climática ou o consumo responsable.

A CGONGD representa a 45 entidades, que aglutinan a máis de 25.500 persoas entre

socias, voluntarias e traballadoras e que operan cada ano en máis de 20 países co obxectivo de mellorar as vidas de máis de 400.000 persoas, a maioría delas mulleres, nenas e nenos. Está integrada na coordinadora estatal e coñece ben o esforzo en cooperación e solidariedade que fan as distintas entidades locais, autonómicas e estatais, na medida das súas posibilidades. É, precisamente, o seu papel dentro das redes de cooperación de Galicia e do conxunto do Estado o que obriga a Coordinadora a renunciar a colaborar no programa municipal Compostela + Solidaria, “por coherencia”, ata que o Concello de Santiago cumpra os compromisos que ten adquiridos na loita contra a pobreza e contra as desigualdades globais.

Polo tanto, todo apunta a que 2022 será o cuarto ano consecutivo no que o goberno do PSOE no Concello de Santiago se recoñecería incapaz de executar o orzamento comprometido para a solidariedade e a loita contra a pobreza nunha convocatoria que se vén desenvolvendo sen problemas dende hai anos noutros concellos, como o de Lugo, e noutras administracións como as Deputacións da Coruña e de Pontevedra.

A esta situación de pasividade e paralización administrativa, súmase o feito de que dende a chegada de Bugallo á alcaldía e de Sindo Guinarte á concellaría, non se volveu convocar o Consello Municipal de Cooperación do Concello de Santiago, o espazo de participación cidadá que contaba coa participación activa dos distintos grupos políticos municipais e de axentes de cooperación como as ONGD, representantes das asociacións veciñais, da Dirección Xeral de Relacións Exteriores da Xunta de Galicia, do Consello Económico e Social, do Foro Cívico, do Servizo de Participación e Integración Universitaria da USC, do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e do Foro Galego de Inmigración.

Por todo o anterior, e porque a capital galega ten que estar á altura do que demanda a cidadanía, aínda máis no actual contexto internacional, no que non podemos permitírnos perder, por falta de capacidade de xestión e por cuarto ano consecutivo, o orzamento destinado á loita contra a pobreza e á cooperación ao desenvolvemento, o Grupo Municipal de Compostela Aberta, propón o seguinte

ACORDO:

O Pleno da Corporación insta ao correspondente órgano de goberno a facer efectiva a liña de axudas á Cooperación ao Desenvolvemento prevista para 2022 e reactivar o Consello Municipal de Cooperación.

MOCIÓN PARA OPTAR AO TÍTULO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, CIDADE EUROPEA DO DEPORTE

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para que o Concello inicie os trámites e resolva as carencias existentes en dotacións deportivas para optar ao título de “Santiago de Compostela, Cidade Europea do Deporte”.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Santiago de Compostela pode iniciar os trámites para optar ao título de Cidade Europea do Deporte, que é outorgado por CES Europe cunha validez dun ano en que o concello ou cidade galardoada ten que crear un calendario de actividades deportivas, ademais de celebrar un congreso ou evento internacional e presentar unha memoria ao final do ano. Pode, así, principiar os preparativos e resolver as carencias

en infraestruturas deportivas co fin de optar a esta distinción en 2023 e, de non ser posíbel, que sexa realidade en 2024.

Este pode ser un bo motivo para revitalizar e dinamizar a cidade poñendo en valor outras virtudes como é a afección polo deporte da veciñanza de Santiago de Compostela. Cómpre ter en conta que o prazo para a presentación da candidatura anual finaliza o 30 de xuño e que o alcalde debe enviar unha carta xunto cun expediente que describa as cualidades deportivas da cidade.

Conseguir que Santiago sexa Cidade Europea do Deporte ten puntos positivos como a unión de asociacións, clubs, deportistas, forzas políticas e empresas para intentar conseguilo.

Esta distinción, ademais de favorecer a organización de eventos deportivos dinamizadores da cidade, contribúe a incrementar a participación da veciñanza na práctica deportiva. Tamén serve para dar a coñecer deportes minoritarios e locais de Compostela e Galiza que poden programar actividades e implicar deportistas na campaña de divulgación.

A iso súmase o papel de divulgación na prensa internacional, para atraer visitantes á cidade e diversificar o turismo, ademais da posibilidade de optar a subvencións da UE ao abeiro da ACES Europa.

Para esta candidatura, cómpre realizar un esforzo na mellora dos equipamentos e das actividades organizativas do deporte, procurar un incremento das persoas que practican deportes como hábito saudábel e contar coa participación cidadá, tanto a título individual como en clubs.

Así, téñense en conta os obxectivos de incrementar o número de persoas usuarias das instalacións deportivas municipais, a posta en marcha de escolas deportivas municipais para nenos e nenas e as axudas destinadas para o fomento do deporte a clubs de deportistas.

Ademais, está pendente facer un estudo da demanda das instalacións existentes, co obxecto de resolver os déficits actuais tanto a través da optimización dos equipamentos -de titularidade municipal ou autonómica- ou coa creación de novas instalacións que lle dean resposta a esa demanda insatisfeita, como se aprobou por unanimidade no Pleno de outubro de 2019.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago de Compostela iniciará os trámites necesarios e resolverá as carencias en dotacións deportivas para optar ao título de Cidade Europea do Deporte en 2023 e, de non ser posíbel, en 2024.

MOCIÓN PARA FACER EFECTIVA A LIÑA DE AXUDAS PREVISTA PARA A COORDINADORA DE ONGD E REACTIVAR O CONSELLO MUNICIPAL DE COOPERACIÓN

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico

municipal, presenta a seguinte moción para facer efectiva a liña de axudas prevista para a Coordinadora de ONGD para 2022 e reactivar o Consello Municipal de Cooperación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Representantes da Coordinadora Galega de ONGD advertiron do incumprimento do Goberno local dos compromisos coa cooperación ao desenvolvemento e coa loita contra a pobreza, xa que deixaron sen executar máis de 500.000 euros orzados desde que Xosé A. Sánchez Bugallo entrou na Alcaldía de Santiago, nuns anos especialmente complicados para os colectivos máis vulnerábeis.

O BNG esixiu na negociación para os Orzamentos de 2022 que se puxese en marcha a convocatoria para a cooperación ao desenvolvemento e que se incorporasen tamén os atrasos de anos anteriores e, daquela, o Goberno do PSOE comprometeuse a facer realidade esta petición. A pesar diso, levan meses sen atender as peticións de reunión deste colectivo e isto é un exemplo da falta de diálogo do que acontece noutras áreas.

Esta coordinadora organizaba o programa Compostela + Solidaria de sensibilización e divulgación en distintos espazos da cidade, que situou Santiago como unha referencia á hora de reflexionar ao redor de temáticas como as migracións, a convivencia entre culturas, a emerxencia climática e o consumo responsábel, que nesta ocasión decidiu interromper ante a falta de apoio institucional.

Así, é necesario que se execute a partida económica destinada a esta finalidade, ademais de instar a realizar a convocatoria do Consello municipal de Cooperación. Este espazo de participación cidadá contaba cos distintos grupos políticos municipais e de axentes de cooperación como as ONGD, representantes das asociacións veciñais, da Dirección Xeral de Relacións Exteriores da Xunta, do Consello Económico e Social, do Foro Cívico, do Servizo de Participación e Integración Universitaria da USC, do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e do Foro Galego de Inmigración.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago de Compostela fará efectiva a liña de axudas prevista para a Coordinadora de ONGD para 2022 e reactivará o Consello Municipal de Cooperación.

MOCIÓN PARA ORGANIZAR UNHA MEDIA MARATÓN EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para organizar, en colaboración con clubs deportivos, unha media maratón en Santiago de Compostela, co fin de fomentar a práctica desta modalidade e de atraer profesionais e afeccionados/as.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Santiago de Compostela é unha cidade con grande afección polo *running* e o *trail*. De

feito, a carreira pedestre celebrou en 2019 a súa 42 edición, que se viu interrompida pola pandemia en anos posteriores, e tamén son ben coñecidas as carreiras Sant Yago convocadas nos últimos anos para animar a xente a correr e gozar á vez de Santiago. Ademais, hai numerosas peticións de clubs e deportistas afeccionados/as para conseguir novas pistas de atletismo.

Á vista do elevado número de persoas que practican este deporte con asiduidade e mesmo participan en eventos noutras vilas e cidades, Santiago de Compostela pode organizar unha media maratón ou maratón, como teñen Vigo, Pontevedra, Ferrol, A Coruña e Lugo teñen unha carreira con esta distancia (Ourense fai o desafío 42 Km coas localidades próximas e adoita incluír unha media pero non na propia cidade).

Pódese lembrar que houbo dúas edicións de media maratón nos anos 2014/2015 con inicio no concello do Pino e final en Santiago de Compostela pero foron probas non homologadas. Nos seguintes anos realizouse a proba entre Arzúa e O Pino.

Agora mesmo estanse promocionando as Cidades Patrimonio de Humanidade a través de carreiras, coa diferenza de que mentres Córdoba, Cáceres ou Tarragona dispoñen dunha media maratón, Santiago faino coa carreira nocturna de 10K.

Esta media maratón podería pasar por zonas como Sar, a carballeira do Banquete de Conxo, roteiros do Sarela ou ben por tramos do rural e do Camiño de Santiago, para facer tamén un esforzo de conservación destes emprazamentos significativos.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago de Compostela organizará, en colaboración con clubs deportivos, unha media maratón para fomentar a práctica desta modalidade e atraer profesionais e afeccionados/as neste ámbito.

MOCIÓN PARA A INMEDIATA LICITACIÓN DO PROXECTO VÍA VERDE ENTRE A SIONLLA E OROSO E A REDACCIÓN DO PROXECTO PARA A SÚA CONEXIÓN COA CIDADE DE SANTIAGO

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A execución da Vía Verde entre A Sionlla e Oroso, que debería ser o primeiro tramo do traxecto polo abandonada vía férrea entre Santiago e Cerceda, leva anos sendo obxecto do interese do Pleno municipal, especialmente desde que en 2017 se dispuxera dun primeiro proxecto construtivo elaborado pola Federación de Ferrocarriles Españoles, proxecto que foi actualizado por encargo do Concello de Santiago e entregado en abril de 2019, sen que o Goberno local o teña dado a coñecer a pesar da solicitude formal cursada por este Grupo a principios de 2021.

Na actualidade, todos os traxectos -agás o que discorre polo termo municipal de Santiago- están en avanzado estado de execución e o seu remate anúnciase para este ano, comezando polo de Oroso-Ordes previsto para a súa posta en servizo este

mesmo mes de maio. Os tres proxectos en execución (elaborados tamén pola Federación Española de Ferrocarriles, por encargo da Deputación da Coruña e entregados en xullo de 2019) están a ser financiados desde 2019 integramente con fondos europeos (mediante convocatoria do IDEA) e con fondos da Deputación, que se encargou da súa tramitación e execución a través de cadanseu convenio de encomenda de xestión cos concellos de Oroso, Ordes, Tordoia e Cerceda por onde transcorre a vía.

Mentres eses tres proxectos -que suman 21,4 km- están próximos ao seu remate, os 10 km entre A Sionlla e Oroso levan anos sumidos nunha constante incerteza provocada pola falta de decisión e impulso para a súa efectiva execución.

En febreiro de 2020, Goberno local, en resposta a unha pregunta escrita deste Grupo, manifestaba que o proxecto da vía verde entre Santiago e Cerceda estaba redactado e que estaba pendente a aprobación do proxecto na Xunta de Goberno Local. Tras esa aprobación o proxecto sería remitido á Deputación, “establecerase o cronograma de execución da obra” e que a previsión “salvo retrasos que poidan ocorrer na tramitación ou execución, é que a infraestrutura estea operativa dentro dun ano”. A aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno produciríase poucos días despois desta resposta, concretamente o 15 de febreiro de 2020.

En xaneiro de 2021, en resposta a unha pregunta en Pleno sobre a demora na execución deste tramo, a concelleira de Medio Ambiente sinalaba que o proxecto non fora incluído na convocatoria de axudas europeas do IDAE porque estaban destinadas a concellos de menos de 20.000 habitantes e seis meses despois, en resposta a outra pregunta, informaba que se ía reiterar a súa presentación á convocatoria do IDEA de finais dese ano e que “como xa dixen noutras ocasións, se este financiamento finalmente non se acada, a Deputación farase cargo da aportación necesaria para levar a cabo este proxecto”.

Loxicamente, a axuda do IDEA de finais de 2021 non chegou porque o prazo para a derradeira convocatoria de axudas -sen limitacións en canto ao número de habitantes dos concellos solicitantes- pechábase en decembro de 2020, dándose a coñecer as últimas resolucións en decembro de 2021.

Chegados a esta situación, con todos os tramos practicamente rematados a excepción do inicial entre A Sionlla e Oroso, o Concello anuncia a decisión este mesmo mes de asinar un convenio coa Deputación da Coruña para o financiamento do tramo restante, implicando os remanentes do orzamento municipal -a diferenza do acontecido co resto dos tramos onde non consta participación económica dos concellos- para levar a cabo as obras.

Por outra parte, o Goberno local a pesar do tempo transcorrido aínda non tomou ningunha decisión para garantir a necesaria conexión dese proxecto de vía verde coa cidade de Santiago, proxectando un acceso seguro desde A Sionlla, que ben podería transcorrer polo polígono empresarial do Tambre, na procura de enlazar co itinerario de 12 km previsto pola Xunta de Galicia entre O Milladoiro e San Caetano, para conectar os principais centros atractores de mobilidade do termo municipal.

Finalmente, cómpre impulsar a cesión das vellas estacións ferroviarias da Sionlla e de Verdía para o seu acondicionamento e posta en valor, así como garantir a execución das necesarias melloras de seguridade e accesibilidade nas pontes de Vilariño e Castro, ambas na parroquia de Busto e situadas sobre o itinerario da vía verde polo

trazado da vía férrea en desuso entre Santiago e Oroso, conforme ao acordo plenario unánime adoptado en xullo de 2020.

Polo tanto, e á vista do exposto, o Grupo Popular propón a adopción do seguinte

ACORDO:

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno municipal a que:

- 1.- Solicite da Deputación Provincial da Coruña o financiamento íntegro do cuarto tramo da Vía Verde entre Santiago e Cerceda, que enlaza A Sionlla e Oroso, e proceda á inmediata licitación do proxecto construtivo.
- 2.- Encargue coa maior urxencia o proxecto para enlazar mediante unha vía peonil e ciclable o núcleo urbano de Santiago coa Vía Verde na Sionlla, contemplando a posibilidade de que este enlace conecte co polígono do Tambre e coa senda prevista pola Xunta de Galicia entre O Milladoiro e San Caetano.
- 3.- Impulse a cesión das vellas estacións ferroviarias da Sionlla e de Verdía para o seu acondicionamento e posta en valor, e garanta a execución das necesarias melloras de seguridade e accesibilidade nas pontes de Vilariño e Castro.

MOCIÓN PARA O ACONDICIONAMENTO E POSTA EN VALOR DAS ÁREAS RECREATIVAS DE CHAIÁN E O REFUXIO, NA RIBEIRA DO TAMBRE.

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o inicio do mandato anterior, o Grupo Popular ten presentado varias iniciativas plenarias na maior parte aprobadas por unanimidade para acondicionar, mellorar e dar a coñecer dúas zonas de gran potencial ambiental e recreativo: a primeira, compartida co concello de Trazo na súa parroquia de Chaián, que lle dá nome aquí ao conxunto das dúas ribeiras; e a segunda, a do Refuxio, na parroquia de Barciela, limítrofe co concello de Oroso.

A pesar dos acordos plenarios e do tempo transcorrido, estas dúas áreas recreativas continúan a ser unhas grandes descoñecidas na actualidade para gran parte da poboación, a pesar de ser dous dos puntos principais no río Tambre ao seu paso polo concello, un itinerario incluído nas Rede Natura como Lugar de Interese Comunitario polos seus especiais valores ambientais e patrimoniais.

Na área existente en Chaián, situada a apenas 10 km do centro da cidade, pódese gozar dunha fermosa paisaxe de ribeira, con vellos carballos, castiñeiros, ameneiros e ata acivros. Un lugar axeitado para o baño, o lecer ou a pesca deportiva, onde se organiza a “Festa do Escalo” que se achega ao seu 50 aniversario e que nos últimos anos vén incluíndo no programa das Festas do Apóstolo, con concurso de pesca, numerosas actividades e un xantar popular con posterior romaría.

En contraste co coidado e a dotación de servizos da marxe pertencente ao Concello de Trazo, a ribeira compostelá mostra un aspecto descoidado, no que se denota unha falta de limpeza e mantemento periódicos. Estes días podíanse ver as papeleiras

rebordando co lixo acumulado, a herba sen cortar, a fonte inutilizada sen a billa, o carril para accesibilidade cun firme deteriorado e irregular... E persisten outras deficiencias sinaladas nos últimos anos, como a limitación da velocidade ou, cando menos, unha advertencia de perigo na estrada provincial (que se mantén a 50 km/h, a pesar da recente actuación para a mellora do firme) ou a mellora da conexión peonil coa marxe de Trazo, coa continuidade e protección da beiravía e a rehabilitación da oxidada varanda existente. Neste ámbito, seguimos a botar en falta o estudo dunha pequena plataforma integrada no medio natural, que puidera resistir ás enchentes e que se aproximara á beira do río, coa función fundamental de facilitar o baño.

Pola súa parte, a área do Refuxio, a uns 15 kms. da cidade, está situada nunha fermosa insua pertencente á parroquia de Barciela, á que se accede a través de dúas estreitas pontes que a comunican cos concellos de Santiago e Oroso. Aínda que a o mellor acceso e con mellor sinalización é o que conecta con Sigüeiro, pola banda do noso concello sería necesario mellorar o acondicionamento da pista existente e instalar uns indicadores que facilitaran a súa localización. O lugar, próximo a unha gran tosta e cunhas condicións naturais moi axeitadas para o baño, mantén a estas alturas do ano a herba sen cortar -en contraste coa beira de Oroso- e segue a necesitar unha reparación da plataforma para a conexión das pontes que dificultan a desexable accesibilidade, así como a reposición do pasal polo que se accede á deteriorada caseta para o socorrista.

Por último, volvemos a insistir na conveniencia de articular algunha iniciativa para dar a coñecer e poñer en valor estas dúas paraxes, a través dunhas xornadas de actividades nas súas ribeiras ou itinerarios ciclistas ou peonís, así como unha mellora na sinalización específica -tal e como se comentou- que facilite o acceso desde a cidade, algo do que se ten falado, pero que aínda non se ten concretado.

En definitiva, cómpre reiterar que non se trata de acometer ningunha gran actuación, nin de entrar en competencia coas dotacións e servizos das marxe opostas, senón de realizar en ambos casos unhas melloras concretas e perfectamente asumibles, para complementar e potenciar o valor ambiental destes enclaves, para goce da veciñanza dos tres concellos que desde sempre manteñen unha estreita vinculación que é preciso conservar e, se cabe, reforzar.

Tendo en conta o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta para a súa consideración por parte do Pleno o seguinte

ACORDO:

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno municipal a:

1. Levar a cabo traballos de conservación, mellora e mantemento periódicos nas áreas recreativas de Chaián e do Refuxio, axeitándoas para o baño e o lecer.
2. Dirixirse á Deputación da Coruña a fin de solicitar a súa colaboración para axustar as condicións de seguridade da vía provincial ao seu paso polas inmediacións da área de Chaián, así como a mellora da conexión peonil a ambos lados da ponte sobre o Tambre.
3. Planificar unha mellora da sinalización viaria para facilitar a visita ás áreas recreativas de Chaián e o Refuxio, e estudar a posibilidade de celebrar distintas actividades que teñan como centro estas dúas ribeiras do Tambre para difundir o

coñecemento e valoración deste dous singulares enclaves naturais.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA POLO FOMENTO DA VIVENDA PÚBLICA E PARA A AMPLIACIÓN DO PARQUE DE VIVENDA SOCIAL A TRAVÉS DA CESIÓN DE VIVENDAS DA SAREB

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A vivenda é hoxe, si non o máis importante, un dos máis importantes factores de exclusión social. Ano tras ano hai en Galiza centos de desafiuzamentos que son centos de dramas persoais que afectan máis aos colectivos máis vulnerables. É tamén un dos factores, xunto coa precariedade laboral que explican as dificultades da xente moza para emanciparse e iniciar proxectos vitais autónomos.

Si no 2008 o pinchado da burbulla inmobiliaria foi debido ao mercado bancario das hipotecas, a crise da vivenda actual é debida á burbulla dos alugueiros que levan subindo continuamente nos últimos anos, concretamente un 25% nos últimos 5 anos nas principais cidades galegas.

Esta burbulla non é máis que o resultado de medidas concretas que os gobernos tomaron para facer atractivo o investimento no mercado inmobiliario xunto coa ausencia de políticas públicas de vivenda. Esta espectacular suba dos prezos da vivenda é unha transferencia directa de rendas da clase traballadora a unha clase rentista liderada por bancos e fondos voitre e supón unha enorme perda de poder adquisitivo da xente do común.

Ante a imposibilidade de acceder a unha hipoteca e mesmo a un alugueiro no mercado libre moitas persoas están a demandar vivenda pública con prezos sociais, algo que podería servir, ademais de darlle solución a moita xente, para regular os prezos do mercado libre. A pesar de ser coñecedora desta realidade, as administracións desoan as peticións das máis de 11.000 solicitudes que están a demandar no Rexistro Oficial unha vivenda pública.

Dende a chegada do PP ao goberno galego a Vivenda de Protección Oficial de Promoción Pública frearon en seco. Así, pasouse de iniciar 2.965 vivendas en 2010 a unha media anual de 67 vivendas de protección nos últimos 6 anos, unha cantidade a todas luces insuficiente para dar solución ás demandas da cidadanía dun dereito tan básico.

A vivenda pública propiedade da Xunta de Galicia está estancada dende hai moitos anos e non se percibe unha vontade real, a pesar da gravidade da situación, do goberno galego de mudar a tendencia. Un bo exemplo podería ser o caso do Concello de Santiago no que despois de máis de oito anos a Xunta está a facer unha primeira e única promoción de vivenda pública, no barrio do Castiñeiríño, a pesar das solicitudes e da posta a disposición de parcelas realizadas polo anterior goberno local.

A toda esta dinámica, ademais, hai que engadir que despois de rescatar os activos tóxicos inmobiliarios dos bancos, asumindo unha débeda que pasa a ser pública de 35.000 millóns de euros, a través da SAREB estas vivendas non se utilicen para crear

ese parque de vivenda pública imprescindible para dar solución a miles de persoas, sobre todo mozas, e para regular os prezos dun mercado desbocado.

O actual Goberno español fíxose eco desta problemática e en xaneiro de 2022 aprobou o Plan Estatal de Vivenda 2022-2025 mediante o cal pretende ampliar o parque público de vivendas de aluguer social, promovendo por unha banda a cesión das vivendas da Sareb ás Comunidades Autónomas ou concellos ou entes públicos deles dependentes e, por outra banda, promover a cesión de vivendas baleiras tamén ás comunidades autónomas ou concellos ou entes públicos dependentes delas. O Estado pagará ás comunidades entre 150 e 175 euros mensuais por cada piso da SAREB en concepto de aluguer social. Os prezos destes alugueres limitaranse de 150 a un máximo de 350 euros mensuais e serán inmoables destinados, sobre todo, a persoas en situación de vulnerabilidade.

O financiamento deste programa require a sinatura dun acordo previo no seo das comisións de seguimento entre o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, as comunidades autónomas e o concello correspondente. Só poderán ser asinados polo Ministerio e as comunidades autónomas sempre que as comunidades autónomas asuman a responsabilidade da conformidade do concello correspondente, salvo que o concello participe no financiamento da actuación, caso en que tamén se asinará o convenio por este último.

Neste contexto de suba intolerable da inflación o incremento dos prezos da vivenda é unha ameaza que empuxa a moita xente á pobreza e exclusión social. Urxe tomar medidas que aposten polos dereitos das persoas e se abandonen as que apoian a vivenda como negocio especulativo.

Por todo o anterior o Grupo Municipal de Compostela Aberta, propón o seguinte

ACORDO:

1. O Concello de Santiago comprométese a elaborar e aplicar un plan municipal de vivenda pública que estimule o incremento/creación dun parque público de vivenda cos obxectivos de dar solución ás persoas que non teñan garantida unha vivenda digna no mercado libre e tamén como elemento regulador dos prezos no municipio.
2. Demandar á FEGAMP, e á Xunta de Galicia a que en coordinación co Concello de Santiago se sumen a este plan e apoien a aposta pola vivenda pública de tal xeito que se satisfaga cando menos a demanda que consta no Rexistro Oficial de Demandantes e coa conseguinte territorialización.
3. Instar á Consellería Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a asinar un convenio co Concello de Santiago nos termos descritos nos programas 9 e 10. do Plan estatal de vivenda 2022-2025 destinado á ampliación do parque de aluguer social, incorporando as 12 vivendas actualmente titularidade da SAREB.
4. O Concello de Santiago estudará, e no seu caso activará, as novas posibilidades lexislativas para aplicar políticas fiscais que graven a vivenda baleira de grandes posuidores.
5. A revisar, e no caso de ser necesario actualizar, o protocolo de actuación para a prevención de desafiuzamentos e a atención das persoas afectadas nos concellos da

Comarca de Compostela, impulsado e asinado en Febreiro de 2017 polos Concellos de Santiago, de Ames e de Teo, así como polos colexios profesionais de Avogacía, Psicoloxía e Traballo Social.

Na moción de urxencia presentada polos catro grupos políticos municipais en prol da recuperación e racionalización dos servizos ferroviarios, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros presentes acorda:

1. Que se repoñan os servizos eliminados como consecuencia da pandemia do Covid-19 e a chegada do AVE a Galicia, e que se garanta o funcionamento dos servizos e conexións nos horarios acordados, adaptando as frecuencias nos servizos de Media Distancia e Avant de forma que se facilite a súa utilización nos horarios habituais de entrada e saída do traballo, tanto en xornadas continuas como partidas.
2. Que se manteña unha oferta de servizos de media distancia en convivencia e non con prevalencia de servizos comerciais de longa distancia ou AVE que conectan a nosa Comunidade co resto da península.
3. Que se garanta a puntualidade e fiabilidade dos servizos de Media Distancia e Avant, e a intermodalidade, particularmente no uso combinado coa bicicleta.
4. Que se avance nunha política tarifaria adaptando o prezo dos abonos á realidade socioeconómica actual e mellorando a flexibilidade na utilización dos mesmos, establecendo criterios sociais para garantir o acceso universal ao tren a todas as persoas usuarias.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal de CA polo desenvolvemento dunha programación de actividades saudables nos parques durante o verán, o Pleno da Corporación por 13 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais de CA, do PP e do BNG (5 CA, 6 PP e 2 BNG) e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda:

O Goberno porá en marcha este verán un programa de actividades físicas e creativas nos parques da cidade, orientadas para contrarrestar os efectos nocivos do sedentarismo, con especial atención ás necesidades das persoas maiores e mozas.

Na moción presentada polo grupo municipal de CA para facer efectiva á liña de axudas á cooperación prevista para o ano 2022 e para reactivar o Consello Municipal de Cooperación, o Pleno da Corporación por 13 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais de CA, do PP e do BNG (5 CA, 6 PP e 2 BNG) e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao correspondente órgano de goberno a facer efectiva a liña de axudas á Cooperación ao Desenvolvemento prevista para 2022 e reactivar o Consello Municipal de Cooperación.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal do BNG para facer efectiva a liña de axudas prevista para a coordinadora de ONGD e reactivar o Consello Municipal de Cooperación, o Pleno da Corporación por 13 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do BNG, do PP e de CA (2 BNG, 6 PP e 5 CA) e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda que o concello fará efectiva a liña de axudas prevista para a Coordinadora de ONGD para 2022 e reactivará o Consello

Municipal de Cooperación.

No tocante á moción presentada polo grupo municipal do BNG para optar ao título de Santiago de Compostela, Cidade Europea do Deporte, o Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG e de CA (2 BNG e 5 CA), e 16 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do PP (10 PSdeG-PSOE e 6 PP), acorda que o concello inicie os trámites necesarios e resolva as carencias en dotacións deportivas para optar ao título de Cidade Europea do Deporte en 2023 e, de non ser posíbel, en 2024.

Na moción presentada polo grupo municipal do BNG para organizar unha media maratón en Santiago de Compostela, o Pleno da Corporación por 13 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do BNG, do PP e de CA (2 BNG, 6 PP e 5 CA) e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda que o concello organice, en colaboración con clubs deportivos, unha media maratón para fomentar a práctica desta modalidade e atraer profesionais e afeccionados/as neste ámbito.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal do PP sobre a inmediata licitación do proxecto de vía verde entre a Sionlla e Oroso e a redacción do proxecto para a súa conexión coa cidade de Santiago, o Pleno da Corporación por 13 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (6 PP, 5 CA e 2 BNG) e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao correspondente órgano do Goberno municipal a que:

1.- Solicite da Deputación Provincial da Coruña o financiamento íntegro do cuarto tramo da Vía Verde entre Santiago e Cerceda, que enlaza A Sionlla e Oroso, e proceda á inmediata licitación do proxecto construtivo.

2.- Encargue coa maior urxencia o proxecto para enlazar mediante unha vía peonil e ciclable o núcleo urbano de Santiago coa Vía Verde na Sionlla, contemplando a posibilidade de que este enlace conecte co polígono do Tambre e coa senda prevista pola Xunta de Galicia entre O Milladoiro e San Caetano.

3.- Impulse a cesión das vellas estacións ferroviarias da Sionlla e de Verdía para o seu acondicionamento e posta en valor, e garanta a execución das necesarias melloras de seguridade e accesibilidade nas pontes de Vilariño e Castro.

Na moción presentada polo grupo municipal do PP para o acondicionamento e posta en valor das áreas recreativas de Chaián e o Refuxio na ribeira do Tambre, o Pleno da Corporación por unanimidades dos/as concelleiros/as presentes acorda, instar ao correspondente órgano do Goberno municipal a:

1. Levar a cabo traballos de conservación, mellora e mantemento periódicos nas áreas recreativas de Chaián e do Refuxio, axeitándoas para o baño e o lecer.

2. Dirixirse á Deputación da Coruña a fin de solicitar a súa colaboración para axustar as condicións de seguridade da vía provincial ao seu paso polas inmediacións da área de Chaián, así como a mellora da conexión peonil a ambos lados da ponte sobre o Tambre.

3. Planificar unha mellora da sinalización viaria para facilitar a visita ás áreas recreativas de Chaián e o Refuxio, e estudar a posibilidade de celebrar distintas actividades que teñan como centro estas dúas ribeiras do Tambre para difundir o coñecemento e valoración deste dous singulares enclaves naturais.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal de CA polo fomento da vivenda pública e para a ampliación do parque de vivenda social a través da cesión de vivendas da SAREB, e despois de ser aceptada a emenda presentada polo grupo municipal do BNG de acrescentar un punto máis o acordo, máis a votación separada por puntos, adóptanse os seguintes acordos:

O Pleno da Corporación, por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA e do BNG (5 CA e 2 BNG) e 16 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do PP (10 PSdeG-PSOE e 6 PP), acorda:

1. O Concello de Santiago comprométese a elaborar e aplicar un plan municipal de vivenda pública que estimule o incremento/creación dun parque público de vivenda cos obxectivos de dar solución ás persoas que non teñan garantida unha vivenda digna no mercado libre e tamén como elemento regulador dos prezos no municipio.

2. Demandar á FEGAMP, e á Xunta de Galicia a que en coordinación co Concello de Santiago se sumen a este plan e apoiem a aposta pola vivenda pública de tal xeito que se satisfaga cando menos a demanda que consta no Rexistro Oficial de Demandantes e coa conseguinte territorialización.

O Pleno da Corporación, por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA, do PSdeG-PSOE e do BNG (5 CA, 10 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e 6 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes do grupo municipal do PP, acorda:

1. Instar á Consellería Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a asinar un convenio co Concello de Santiago nos termos descritos nos programas 9 e 10. do Plan estatal de vivenda 2022-2025 destinado á ampliación do parque de aluguer social, incorporando as 12 vivendas actualmente titularidade da SAREB.

2. O Concello de Santiago estudará, e no seu caso activará, as novas posibilidades legislativas para aplicar políticas fiscais que graven a vivenda baleira de grandes posuidores.

3. A revisar, e no caso de ser necesario actualizar, o protocolo de actuación para a prevención de desafiuzamentos e a atención das persoas afectadas nos concellos da Comarca de Compostela, impulsado e asinado en Febreiro de 2017 polos Concellos de Santiago, de Ames e de Teo, así como polos colexios profesionais de Avogacía, Psicoloxía e Traballo Social.

4. Instar ao goberno do Estado e á Xunta de Galiza a realizar os trámites necesarios para proceder á transferencia a Galiza dos activos inmobiliarios da SAREB, asumindo desde os órganos competentes en materia de vivenda a xestión e a administración daqueles activos consistentes en vivendas ou en solo urbanizábel para constituír unha bolsa de vivenda pública na Galiza que permita facilitar o acceso á vivenda das persoas e colectivos máis desfavorecidos e da mocidade.

Remata a sesión ás 19:51 horas. Dou fe.